

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

20638 *Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.*

PREÁMBULO

I

A importante desviación do saldo orzamentario estimada no momento presente para o conxunto das administracións públicas para o exercicio 2011, respecto ao obxectivo de estabilidade comprometido, obriga o Goberno a tomar medidas de carácter urxente para a súa corrección.

Estas primeiras medidas, que comportan accións tanto polo lado dos ingresos públicos como polo lado dos gastos, supoñen unha redución de carácter inmediato do desequilibrio orzamentario en máis dun punto porcentual do produto interior bruto. Con estas accións preténdese garantir que o sector público español inicie unha senda de reequilibrio que achegue credibilidade á evolución futura da débeda e déficit públicos.

Sen esta corrección, que inicia un camiño de consolidación fiscal que se concretará de forma definitiva no proxecto de Lei dos orzamentos xerais do Estado para 2012, non se poderían superar as actuais condicións de escaseza de liquidez que impiden un desenvolvemento adecuado da actividade económica.

Pola súa banda, o Real decreto 1329/2011, do 26 de setembro, de disolución do Congreso dos Deputados e do Senado e de convocatoria de eleccións, publicado no «Boletín Oficial del Estado» o 27 de setembro, acordaba a disolución de ambas as cámaras e a convocatoria de eleccións xerais o 20 de novembro de 2011. Como consecuencia del non se aprobou a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

O artigo 134.4 da Constitución establece que «se a Lei de orzamentos non se aproba antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación dos novos». Este precepto foi desenvolvido polo artigo 38 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, no cal, tras reiterar o carácter prorrogable dos orzamentos na falta da aprobación dos novos, determina que «a prórroga non afectará os créditos para gastos correspondentes a programas ou actuacións que terminen no exercicio cuxos orzamentos se prorrogan ou para obrigacións que se extingan nel».

En consecuencia, o principio de que se parte é o de que se produce a prórroga xeral da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, a partir do 1 de xaneiro de 2012, salvo naqueles créditos correspondentes a actuacións que terminen no ano 2011 ou para obrigacións que se extingan no mesmo ano.

Igualmente, e aínda que a Lei de orzamentos xerais do Estado ten vixencia anual, a prórroga non afectará aquelas normas de vixencia indefinida que esta pode incluír, que seguirán estando vixentes.

Doutra banda, o contido dos créditos prorrogados non se ve afectado polas autorizacións orzamentarias efectuadas durante o exercicio de 2011 porque o obxecto da prórroga non é a execución do orzamento dese exercicio, senón as autorizacións iniciais de gasto por exercicio contidas na referida Lei 39/2010, do 22 de decembro. Isto mesmo cabería dicir das autorizacións de endebedamento, polo que se deben entender prorrogadas as iniciais establecidas na dita lei.

Finalmente, o artigo 38.3 da Lei xeral orzamentaria aclara que a estrutura orgánica do orzamento prorrogado se adaptará, sen alteración da contía total, á organización administrativa en vigor no exercicio en que o orzamento se deba executar.

Dentro deste marco xurídico, a pura e simple prórroga da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 ocasionaría certas disfuncións que é preciso corrixir. En primeiro lugar porque nalgunhas materias, como pensións públicas, a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 se remite á conxelación operada polo Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, sendo vontade do novo Goberno a regulación desta materia de forma expresa para terminar coa referida conxelación.

En segundo lugar porque, por razóns de seguridade xurídica, hai preceptos que dificilmente se poden entender prorrogados, como son aqueles en que unha lei de carácter material remite á Lei de orzamentos xerais do Estado anual. Estes preceptos cobran particular importancia en materia tributaria, polo que é preciso regular esta materia de forma expresa e non entendedos prorrogados de forma tácita.

Finalmente porque a situación económica e financeira aconsella non prorrogar algunhas materias que poderían ter repercusións no déficit público e na estabilidade orzamentaria, coas consecuencias que iso podería ter nos compromisos asumidos por España ante a Unión Europea na redución do déficit público.

A constitución do Congreso dos Deputados e do Senado o pasado 13 de decembro fai inviable a aprobación non xa dunha Lei de orzamentos xerais do Estado antes do 31 de decembro deste ano, senón dunha lei ordinaria aínda que se utilizase o procedemento de urxencia.

O artigo 86 da Constitución permite ao Goberno, en casos de extraordinaria e urxente necesidade, ditar disposicións legislativas provisionais que tomarán a forma de decretos lei, quedando suficientemente xustificada a súa necesidade en virtude dos argumentos anteriormente expostos.

II

A estrutura deste real decreto lei trata de seguir a das leis de orzamentos xerais do Estado, aínda que a diferenza de volume fai que os títulos se substituísen por capítulos, e que non todos os títulos habituais teñan o seu correlativo capítulo, dado que estes soamente son os seguintes: «Dos créditos orzamentarios prorrogados»; «Dos gastos de persoal»; «Das pensións e axudas públicas»; «Das normas tributarias»; «Dos entes territoriais» e, finalmente, as «Cotizacións sociais». Así mesmo, inclúense disposicións adicionais, derogatorias e derradeiras.

O capítulo I, «Dos créditos orzamentarios prorrogados», establece que, con efectos do 1 de xaneiro de 2012, quedarán incorporadas aos créditos prorrogados as modificacións orzamentarias e estruturais necesarias para adecuar a clasificación orgánica dos devanditos créditos á estrutura administrativa vixente nesa data.

Polo que se refire ao capítulo II, «Dos gastos de persoal», mantéñense as contías das retribucións do persoal e altos cargos do sector público. Igualmente se acorda a conxelación da oferta de emprego público, con certas excepcións que se recollen no mesmo artigo. Finalmente, a partir do 1 de xaneiro de 2012, e para o conxunto do sector público estatal, a xornada ordinaria de traballo terá unha media semanal non inferior ás 37 horas e 30 minutos.

Polo que respecta ao capítulo III, «Das pensións e axudas públicas», tal como se referiu anteriormente, a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 remítese á conxelación operada polo Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público. En efecto, o artigo 4 do citado real decreto lei suspende para o exercicio de 2011 a aplicación do previsto nos puntos 1.1 e 1.2 do artigo 48 da Lei xeral da seguridade social, excepto para as pensións mínimas do sistema da Seguridade Social, as pensións do extinguido SOVI non concorrentes e as pensións non contributivas. Esa conxelación tamén afecta as pensións de clases pasivas, como establece o punto segundo do artigo 4.

A vontade do novo Goberno é a de actualizar as pensións un un por cento, polo que é preciso incorporar esta regulación de forma expresa, e non mediante a simple prórroga da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

O capítulo IV, dedicado ás «Normas tributarias», recolle tres preceptos: un dedicado ao pagamento fraccionado do imposto sobre sociedades; outro, ao imposto sobre bens inmobles e o terceiro, relativo á taxa de dominio público radioeléctrico. O artigo 45.4 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, sinala que a contía do pagamento fraccionado será o resultado de aplicar ás bases previstas nos dous puntos anteriores a porcentaxe que se estableza na Lei de orzamentos xerais do Estado. Por maior abastanza, deben terse en conta as modificacións que en materia de pagamentos fraccionados realizou o Real decreto lei 9/2011, do 19 de agosto, de medidas para a mellora da calidade e cohesión do Sistema Nacional de Saúde, de contribución á consolidación fiscal e de elevación do importe máximo dos avais do Estado para 2011.

Pola súa banda, e en materia de facendas locais, é importante garantir que a situación financeira das corporacións locais non poña en perigo a consecución do principal obxectivo en materia orzamentaria, que é a redución do déficit público do Reino de España conforme a senda prevista no Programa de estabilidade 2011-2014.

Con este obxectivo, o artigo 8 establece a aplicación transitoria e excepcional durante os exercicios 2012 e 2013 para os inmobles urbanos dun incremento do tipo impositivo do imposto sobre bens inmobles que ten en consideración o ano de entrada en vigor do correspondente cadro total de valores do municipio.

Desta forma, e para cadros de valores anteriores a 2002, o incremento fíxase no 10 por 100 (e un tipo mínimo do 0,5 por 100 en 2012 e do 0,6 por 100 en 2013), na medida en que nestes casos non se produce, pola súa vez, un incremento da base liquidable, ao transcorrer máis de dez exercicios desde a entrada en vigor do citado cadro de valores. No caso de municipios cuxos cadros de valores fosen aprobados entre 2002 e 2004, o incremento fíxase no 6 por 100 (e o tipo mínimo no 0,5 por 100) e nos aprobados entre 2008 e 2011 o incremento é do 4 por 100.

Con todo, establécese que o dito incremento transitorio do tipo do imposto non será de aplicación aos inmobles residenciais aos cales lles resulte de aplicación un cadro de valores total aprobado no ano 2002 ou nun ano posterior e que pertencen á metade con menor valor catastral do conxunto dos inmobles desas características do municipio e aos municipios cuxos cadros de valores fosen aprobados entre 2005 e 2007 posto que se elaboraron nun momento de elevados valores de mercado.

Finalmente, o punto 3 do anexo I da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, dispón que a cuantificación dos parámetros necesarios para calcular o importe da taxa se determinará pola Lei de orzamentos xerais do Estado.

O capítulo V regula os entes territoriais, que se dividen en entidades locais e comunidades autónomas. Mediante o punto dous do artigo 14 do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, introducíronse restricións aplicables no exercicio 2011 á concertación de operacións de endebedamento por parte das entidades locais. As ditas limitacións foron redefinidas pola disposición derradeira décimo quinta da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011. Criterios de prudencia aconsellan manter esta medida para o ano 2012, aínda que é preciso actualizar as referencias temporais das magnitudes e das liquidacións orzamentarias mencionadas naquel precepto, e que atopan a súa orixe no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Doutra banda, parece conveniente que a revisión cuatrienal a que se refire o artigo 114 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, se realice na forma que estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado para 2012.

Polo que se refire ás comunidades autónomas, faise referencia ao Fondo de Suficiencia Global para os efectos de permitir desde o propio real decreto lei que, se os créditos chegasen a ser insuficientes para o pagamento das entregas á conta, se realicen as transferencias de crédito oportunas. Igualmente é preciso corrixir os proxectos a que

se refire o anexo da sección 33, moitos deles xa realizados, remitíndoos aos proxectos de investimento que se acorden no seo do Comité de Investimentos Públicos.

Finalmente, o capítulo VI contén a actualización das bases e tipos de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional; así como a cotización a dereitos pasivos e ás mutualidades xerais de funcionarios para o ano 2012.

O contido deste real decreto lei complétase con diversas disposicións adicionais, derogatorias e derradeiras.

Polo que se refire ás primeiras, e referíndonos só ás máis importantes, amplíase o prazo de pagamento de débedas coa Seguridade Social de institucións sanitarias cuxa titularidade exerzan as administracións públicas ou institucións sen ánimo de lucro ata os dezaioito anos. En virtude da remisión que fai o punto 3 da disposición adicional novena da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, á Lei de orzamentos xerais do Estado, inclúense tamén as garantías do Estado para obras de interese cultural. Tamén resulta preciso incorporar un precepto no cal se recoñezan aquelas actividades que teñen a consideración de prioritarias de mecenado, sen que baste a mera prórroga da disposición contida na Lei 39/2010, por canto a esa relación se engaden as doazóns e achegas vinculadas á execución dos proxectos incluídos no Plan Director de Recuperación do Patrimonio Cultural de Lorca, anticipando desta maneira o mandato contido no artigo 6 do Real decreto lei 17/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen medidas complementarias para paliar os danos producidos polos movementos sísmicos acaecidos en Lorca o 11 de maio de 2011, se modifica o Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, e se adoptan medidas fiscais e laborais respecto da illa de El Hierro, conforme o cal a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012 considerará actividades prioritarias de mecenado durante os anos 2011 e 2012 as citadas doazóns e achegas.

Para dotar de maior seguridade xurídica as disposicións adicionais que regulan a asignación de cantidades a fins sociais e o financiamento da Igrexa católica, así como para acomodar as referencias temporais que se inclúen nelas, dáse nova redacción a ambas as disposicións.

Procédese á supresión da compensación equitativa por copia privada, que será substituída por un pagamento a cargo dos orzamentos xerais do Estado, cuxo procedemento se desenvolverá regulamentariamente.

Considérase que subsisten as circunstancias económicas e sociais que motivaron a prórroga mediante Real decreto lei 10/2011, do 26 de agosto, do programa de cualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego, baseado en accións de políticas activas de emprego e a percepción dunha axuda económica de acompañamento, polo que é necesaria unha nova prórroga do dito programa.

Polo que se refire ás disposicións derogatorias, a primeira delas derroga o Real decreto 1472/2007, do 2 de novembro, polo que se regula a renda básica de emancipación dos mozos, ao abeiro do establecido na súa disposición adicional primeira, atendido o contexto de austeridade e contención no gasto público que fai necesario deixar sen efecto a medida de política económica de carácter conxuntural que a dita norma regulaba. E iso sen prexuízo de que os beneficiarios da renda básica de emancipación que xa tivesen recoñecido o seu dereito continúen gozando del nas condicións establecidas na norma que se derroga e nos termos da resolución administrativa do seu recoñecemento. A segunda é unha derogación normativa de carácter xeral.

Polo que se refire ás disposicións derradeiras, a primeira delas fai referencia á Directiva 2010/24/UE do Consello, do 16 de marzo de 2010, sobre a asistencia mutua en materia de cobramento dos créditos correspondentes a determinados impostos, dereitos e outras medidas, introduce varios cambios importantes no ámbito da asistencia mutua.

A entidade destes cambios xustifica a transposición da citada directiva a través da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, de maneira que, tendo en conta o seu carácter codificador, nela se incorporen todas aquelas normas necesarias para regular a asistencia mutua.

Co obxecto de reducir o déficit público establécese un gravame complementario á cota íntegra estatal no imposto sobre a renda das persoas físicas, que resultará de aplicación nos períodos impositivos 2012 e 2013. A resultados diso introdúcese modificacións nos pagamentos á conta, que se estenden aos impostos sobre sociedades e sobre a renda de non residentes para preservar o trato semellante que respecto daqueles se establece nos citados tributos.

Igualmente se introduce unha modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que eleva desde o 1 de xaneiro de 2012 ata o 31 de decembro de 2013 a porcentaxe de retención do 19 ao 21 por cento.

Tamén se inclúe a prórroga, para o exercicio 2012, doutras medidas cuxa vixencia finaliza o 31 de decembro de 2011 e que se considera oportuno prolongar durante un ano máis; tal é o caso do tipo de gravame reducido no imposto sobre sociedades por mantemento ou creación de emprego aplicable polas microempresas, co seu correlato no imposto sobre a renda das persoas físicas, a través da redución do rendemento neto das actividades económicas, o tratamento fiscal outorgado nos citados impostos aos gastos e investimentos efectuados para habituar os empregados na utilización das novas tecnoloxías da comunicación e da información e, no ámbito do imposto sobre o valor engadido, a aplicación do tipo reducido do 4 por cento a determinadas entregas de vivendas, polos efectos beneficiosos que poden exercer sobre a actividade económica.

A modificación relativa á alínea a) do punto 6 do artigo 52 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, deriva do artigo 18.3 da Directiva 2003/96/CE do Consello, do 27 de outubro, pola que se reestrutura o réxime comunitario de imposición dos produtos enerxéticos e da electricidade. Dado que a citada modificación debe estar en vigor o 1 de xaneiro de 2012, este real decreto lei configúrase como o instrumento adecuado para facelo.

Modifícase o punto 2 da disposición transitoria terceira do texto refundido da Lei de solo, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, coa finalidade de ampliar ata cinco anos, contados desde a entrada en vigor da Lei 8/2007, do 28 de maio, de solo, o prazo transitorio para que as valoracións dos terreos que formen parte do solo urbanizable incluído en ámbitos delimitados para os cales o plan establece as condicións para o seu desenvolvemento, se efectúen conforme as regras establecidas na Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime de solo e valoracións, tal e como quedaron redactadas pola Lei 10/2003, do 20 de maio. O prazo transitorio inicial foi ampliado ata o 31 de decembro de 2011 polo Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego, polo que está próximo a extinguirse.

Igualmente se amplía o período (durante o ano 2012, e ata a aprobación da Lei de orzamentos xerais do Estado) en que a Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado asumirá as obrigacións derivadas da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, en relación co Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, polo que se regula a distribución da recadación e premios das apostas deportivas do Estado. Ademais, modifícase a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, co obxecto de establecer unha prórroga respecto da entrada en vigor do réxime sancionador da lei, que permita á Dirección Xeral de Ordenación do Xogo resolver determinadas solicitudes de licenza presentadas, pois doutro xeito algunhas entidades poderían resultar prexudicadas pola citada entrada en vigor durante a tramitación das ditas solicitudes.

Faise precisa a modificación da Lei 11/1995, do 11 de maio, reguladora da utilización e control dos créditos destinados a gastos reservados, unha vez que o Centro Nacional de Intelixencia pasa a estar adscrito ao Ministerio da Presidencia.

Establécese unha modificación do artigo 49 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, relativo ao importe dos avais do Estado, fixándose unha contía máxima de 196.043.560 euros.

Doutra banda, o tempo transcorrido desde a Lei 39/1970, do 22 de decembro, aconsella, con respecto ás titulacións vixentes, adecuar á actual realidade das institucións

penitenciarias as características, funcións, formas de acceso e requisitos do persoal que compón o corpo superior de técnicos de institucións penitenciarias.

Por último, incorpóranse disposicións derradeiras relativas ao título competencial das materias de contido tributario incorporadas a esta norma e á xestión de créditos orzamentarios en materia de clases pasivas.

CAPÍTULO I

Dos créditos orzamentarios prorrogados

Artigo 1. *Modificacións derivadas da nova estrutura administrativa.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2012, quedarán incorporadas aos créditos prorrogados as modificacións orzamentarias e estruturais necesarias para adecuar a clasificación orgánica dos ditos créditos á estrutura administrativa vixente na devandita data.

CAPÍTULO II

Dos gastos de persoal

Artigo 2. *Retribucións do persoal e altos cargos do sector público.*

Un. Para efectos do establecido neste artigo, constitúen o sector público:

A Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos e axencias estatais e as universidades da súa competencia.

As administracións das comunidades autónomas, os organismos dependentes delas e as universidades da súa competencia.

As corporacións locais e organismos dependentes delas.

As entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.

Os órganos constitucionais do Estado, sen prexuízo do establecido no artigo 72.1 da Constitución.

As sociedades mercantís públicas.

As entidades públicas empresariais e o resto dos organismos públicos e entes do sector público estatal, autonómico e local.

Dous. No ano 2012, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar ningún incremento respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á súa antigüidade.

En consecuencia, a partir do 1 de xaneiro de 2012, non experimentarán ningún incremento as contías das retribucións e da masa salarial, de ser o caso, establecidas na Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

Tres. Durante o exercicio 2012, as administracións, entidades e sociedades a que se refire o punto un deste artigo non poderán realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación.

Catro. O disposto no punto dous deste artigo entenderase sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados a el.

Cinco. As adecuacións retributivas a que se refire o punto anterior requirirán informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no ámbito da Administración xeral do Estado, dos seus organismos autónomos, axencias estatais, das universidades da súa competencia e do resto do sector público estatal.

Seis. As retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación, dos seus órganos consultivos, da Administración xeral do Estado e demais persoal directivo reguladas no

artigo 24 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, non poderán experimentar ningún incremento respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011.

Os créditos globais destinados ao complemento de produtividade deste persoal para o exercicio 2012 experimentarán unha redución dun 10 por cento respecto dos destinados ao mesmo fin no exercicio 2011.

Sete. Os números un, dous e tres deste artigo teñen carácter básico e dítanse ao abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

Artigo 3. Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal.

Un. Ao longo do exercicio 2012 non se procederá á incorporación de novo persoal, salvo a que poida derivar da execución de procesos selectivos correspondentes a ofertas de emprego público de exercicios anteriores ou de prazas de militares de tropa e mariñeiría necesarios para alcanzar os efectivos fixados na disposición adicional décima da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

Esta limitación alcanza as prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na disposición transitoria cuarta do Estatuto básico do empregado público.

Dous. Durante o ano 2012 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Tres. Durante o ano 2012 non se autorizarán convocatorias de prazas vacantes de novo ingreso que se refiran ao persoal da Administración civil do Estado, aos seus organismos autónomos e axencias estatais, persoal civil da Administración militar, aos seus organismos autónomos e axencias estatais, persoal da Administración da Seguridade Social, persoal estatutario incluído no ámbito de aplicación do Estatuto marco aprobado pola Lei 55/2003, persoal da Administración de xustiza e forzas e corpos de seguridade do Estado e persoal dos entes públicos Axencia Estatal da Administración Tributaria, Portos e autoridades portuarias, Consello de Seguridade Nuclear, Axencia de Protección de Datos, Comisión Nacional da Competencia, Comisión Nacional do Sector Postal e da entidade pública empresarial «Lotarías e Apostas do Estado».

A contratación de persoal laboral temporal e o nomeamento de funcionarios interinos e de persoal estatutario temporal, que se realizará unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxiranse aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos esenciais e requirirá a autorización previa e expresa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Durante 2012 non se autorizarán convocatorias de postos ou prazas vacantes das entidades públicas empresariais e do resto dos organismos públicos e entes do sector público estatal non mencionados anteriormente salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que requirirán a autorización previa e expresa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Catro. Durante o ano 2012 será obxecto de amortización en departamentos, organismos autónomos, axencias estatais, entidades públicas empresariais e resto dos organismos públicos e entes do sector público estatal un número equivalente de prazas ao das xubilacións que se produzan, nos termos e co alcance que determine o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, salvo nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Cinco. Respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, a limitación contida nos puntos anteriores non será de aplicación aos seguintes sectores e administracións en que a taxa de reposición se fixa no 10 por cento:

A. Ás administracións públicas con competencias educativas para o desenvolvemento da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en relación coa determinación do número de prazas para o acceso aos corpos de funcionarios docentes.

B. Ás administracións públicas con competencias sanitarias respecto das prazas de hospitais e centros de saúde do Sistema Nacional de Saúde.

C. Ás forzas e corpos da seguridade do Estado e a aquelas comunidades autónomas que contén con corpos de Policía autónoma propios no seu territorio, en relación coa cobertura das correspondentes prazas.

D. Ás Forzas Armadas en relación coas prazas de militares de carreira e militares de complemento de acordo co previsto na Lei 39/2007, do 19 de novembro, de carreira militar, e sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.

E. Ás administracións públicas respecto dos corpos responsables do control e loita contra a fraude fiscal e laboral.

Seis. Os puntos un e dous deste artigo teñen carácter básico e dítanse ao abeiro dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

Artigo 4. *Reordenación do tempo de traballo dos empregados públicos.*

A partir do 1 de xaneiro de 2012, e para o conxunto do sector público estatal, a xornada ordinaria de traballo terá unha media semanal non inferior ás 37 horas e 30 minutos.

Esta media semanal entenderase sen prexuízo das xornadas especiais existentes ou que, de ser o caso, se establezan, que experimentarán as adaptacións necesarias para adecuarse á modificación xeral na xornada ordinaria.

Para a efectiva e homoxénea aplicación desta medida no ámbito da Administración xeral do Estado, autorízase o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para ditar as instrucións necesarias para adecuar os calendarios laborais vixentes, incluídos os sistemas de seguimento do cumprimento horario, logo de negociación no seo da Mesa Xeral de Negociación.

CAPÍTULO III

Das pensións e axudas públicas

Artigo 5. *Normas sobre determinación e revalorización de pensións e outras prestacións públicas.*

Mentres non se aprobe a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, o contido do título IV e das disposicións adicionais concordantes da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, así como das súas disposicións de desenvolvemento, mantén a súa vixencia en 2012 coas modificacións e excepcións que a continuación se establecen:

1. As pensións aboadas polo sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, así como de clases pasivas do Estado, experimentarán en 2012 un incremento do 1 por cento, de conformidade co previsto nos artigos 48 e 27 dos textos refundidos das leis xeral da seguridade social e de clases pasivas do Estado, respectivamente, sen prexuízo das excepcións e especialidades contidas nos puntos seguintes deste artigo e respectando os importes de garantía das pensións recoñecidas ao abeiro da lexislación especial de guerra que figuran no seguinte punto 3.

Idéntica porcentaxe de incremento experimentarán as contías dos límites de percepción de pensións públicas, de ingresos para o recoñecemento de complementos económicos para mínimos e das prestacións familiares da Seguridade Social por fillo a cargo, así como os importes dos haberes reguladores aplicables para a determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado e das pensións especiais de guerra.

A contía das prestacións económicas de grande invalidez do réxime especial da seguridade social das Forzas Armadas e das recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da guerra civil, así como os importes mensuais das axudas sociais recoñecidas en favor das persoas contaminadas polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH), establecidas nas alíneas b), c) e d) do artigo 2.1 do Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio, incrementárase nun 1 por cento.

2. Así mesmo, incrementáranse nun 1 por cento os importes das pensións mínimas do sistema da Seguridade Social e de clases pasivas das pensións non contributivas e do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez non concorrentes, así como das prestacións da Seguridade Social por fillo a cargo con dezaioito ou máis anos e cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 65 por 100 e do subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte. A contía destas pensións e prestacións, sobre a cal se deberá aplicar o incremento indicado, será a resultante de incrementar a vixente en 31 de decembro de 2010 na porcentaxe do 2,9 por cento, correspondente ao índice de prezos de consumo (IPC) real do período de novembro de 2010 a novembro de 2011.

3. As pensións en favor de familiares concedidas ao abeiro da Lei 5/1979, do 18 de setembro, en favor de familiares de falecidos como consecuencia da guerra civil, e da Lei 35/1980, do 26 de xuño, de mutilados de guerra excombatentes da zona republicana, con excepción das pensións en favor de orfos non incapacitados, así como da Lei 6/1982, do 29 de marzo, sobre retribución básica a mutilados civís de guerra, e as pensións de viuvez do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, sobre recoñecemento de dereitos e servizos prestados a quen durante a guerra civil formou parte das Forzas Armadas e de orde pública e corpo de carabineiros da República, calquera que sexa a súa data inicial de aboamento, non poderán ser inferiores á contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social.

Así mesmo, as pensións en favor de causantes recoñecidas ao abeiro do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, non poderán ser inferiores á contía mínima das pensións de xubilación, con cónxuxe a cargo, de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social, calquera que sexa a súa data inicial de aboamento.

4. Quedan exceptuadas do incremento establecido no punto 1 deste artigo as pensións públicas seguintes:

a) As pensións aboadas con cargo a calquera dos réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 42 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989, cuxo importe íntegro mensual, sumado, de ser o caso, ao importe íntegro mensual das outras pensións públicas percibidas polo seu titular, exceda o límite mensual de percepción das pensións públicas establecido no anexo I deste real decreto lei.

O disposto no parágrafo anterior non será aplicable ás pensións extraordinarias do réxime de clases pasivas do Estado e da Seguridade Social orixinadas por actos terroristas, nin ás pensións excepcionais derivadas de atentados terroristas recoñecidas ao abeiro do Real decreto lei 6/2006, do 23 de xuño, nin ás pensións recoñecidas en virtude da disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

b) As pensións de clases pasivas recoñecidas a favor dos legoeiros do Estado causadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1985, con excepción daquelas cuxo titular só percibise esta pensión como tal legoeiro.

c) As pensións do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez cando entren en concorrencia con outras pensións públicas, excepto cando concorran con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social, ou con algunha destas pensións e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez. Para estes efectos, non se considerarán pensións concorrentes a prestación económica recoñecida ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, nin a pensión percibida polos mutilados útiles ou incapacitados de primeiro grao por causa da pasada Guerra Civil española, calquera que fose a lexislación reguladora, nin o subsidio por axuda de terceira persoa previsto na Lei

13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, nin as pensións extraordinarias derivadas de actos de terrorismo.

Malia o disposto no parágrafo anterior, cando a suma de todas as pensións concorrentes e as do citado seguro obrigatorio de vellez e invalidez, unha vez revalorizadas aquelas, sexa inferior á contía fixada en 2012 para a pensión de tal seguro concorrente, calculadas unhas e outras en cómputo anual, a pensión do seguro obrigatorio de vellez e invalidez revalorizarase nun importe igual á diferenza resultante. Esta diferenza non ten carácter consolidable, e será absorbible con calquera incremento que poidan experimentar as percepcións do interesado, xa sexa en concepto de revalorizacións ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico.

d) As pensións das mutualidades integradas no Fondo especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado que, en 31 de decembro de 2011, alcanzasen xa as contías correspondentes ao 31 de decembro de 1973.

e) As pensións das mutualidades, montepíos ou entidades de previsión social referidas no artigo 45.tres da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2010.

5. De acordo co establecido na disposición adicional sexta, punto un, do texto refundido da Lei sobre seguridade social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, as pensións das mutualidades integradas no Fondo especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, cando fosen causadas con posterioridade ao 31 de decembro de 2006, experimentarán o 1 de xaneiro do ano 2012 unha redución, respecto dos importes percibidos en 31 de decembro de 2011, do 20 por 100 da diferenza entre a contía correspondente en 31 de decembro de 1978 -ou tratándose do montepío de funcionarios da organización sindical, en 31 de decembro de 1977- e a que correspondería en 31 de decembro de 1973.

6. Para efectos do disposto neste artigo, as contías das pensións e prestacións públicas aplicables en 2012 serán as que figuran no anexo I deste real decreto lei.

Artigo 6. *Mantemento do poder adquisitivo das pensións.*

Un. Os perceptores de complementos por mínimos das pensións do sistema da Seguridade Social e de clases pasivas recibirán, antes do 1 de abril de 2012 e nun único pagamento, unha cantidade equivalente á diferenza entre a pensión percibida en 2011 e a que tería correspondido de ter aplicado ás contías mínimas das ditas pensións o incremento do 2,9 por cento, correspondente ao IPC real no período de novembro de 2010 a novembro de 2011.

O previsto no parágrafo anterior será igualmente de aplicación aos beneficiarios no devandito exercicio de pensións non contributivas da Seguridade Social, de pensións do seguro obrigatorio de vellez e invalidez (SOVI) non concorrentes, así como aos perceptores de prestacións da Seguridade Social por fillo a cargo con 18 ou máis anos de idade e un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por 100, e do subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte.

Dous. Para efectos da determinación dos pagamentos que correspondan, as contías en 2011 das pensións e outras prestacións sociais públicas a que se refire o punto anterior son as que se fixan no anexo I deste real decreto lei.

CAPÍTULO IV

Normas tributarias

Sección 1.^a *Impostos directos*Artigo 7. *Pagamento fraccionado do imposto sobre sociedades.*

Respecto dos períodos impositivos que se inicien durante o ano 2012, a porcentaxe a que se refire o punto 4 do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, será o 18 por cento para a modalidade de pagamento fraccionado prevista no seu punto 2. As deducións e bonificacións a que se refire o dito punto incluírán todas aquelas que lle foren de aplicación ao suxeito pasivo.

Para a modalidade prevista no punto 3 do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, a porcentaxe será o resultado de multiplicar por cinco sétimos o tipo de gravame arredondado por defecto.

Estarán obrigados a aplicar a modalidade a que se refire o parágrafo anterior os suxeitos pasivos cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, superase a cantidade de 6.010.121,04 euros durante os doce meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2012.

Para efectos da aplicación da modalidade de pagamento fraccionado prevista no punto 3 do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, deberá terse en conta o disposto no artigo 9.primeiro.un do Real decreto lei 9/2011, do 19 de agosto, de medidas para a mellora da calidade e cohesión do Sistema Nacional de Saúde, de contribución á consolidación fiscal, e de elevación do importe máximo dos avais do Estado para 2011.

Artigo 8. *Tipos de gravame do imposto sobre bens inmobles.*

1. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien nos anos 2012 e 2013, os tipos de gravame do imposto sobre bens inmobles aprobados para os bens inmobles urbanos conforme o disposto no artigo 72 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, resultarán incrementados nas seguintes porcentaxes:

a) O 10 por 100 para os municipios que fosen obxecto dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral para bens inmobles urbanos como consecuencia dun cadro de valores total aprobado con anterioridade ao ano 2002; o tipo de gravame mínimo e supletorio non poderá resultar inferior ao 0,5 por cento en 2012 e ao 0,6 por 100 en 2013.

b) O 6 por 100 para os municipios que fosen obxecto dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral para bens inmobles urbanos como consecuencia dun cadro de valores total aprobado entre 2002 e 2004; o tipo de gravame mínimo e supletorio non poderá resultar inferior ao 0,5 por cento.

c) O 4 por 100 para os municipios que fosen obxecto dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral para bens inmobles urbanos como consecuencia dun cadro de valores total aprobado entre 2008 e 2011.

O disposto neste punto unicamente se aplicará nos seguintes termos:

–Aos inmobles de uso non residencial, en todo caso, incluídos os inmobles gravados con tipos diferenciados a que se refire o artigo 72.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

–Á totalidade dos inmobles de uso residencial a que lles resulte de aplicación un cadro de valores total aprobado con anterioridade ao ano 2002.

–Aos inmobles de uso residencial a que lles resulte de aplicación un cadro de valores total aprobado no ano 2002 ou nun ano posterior, e que pertencen á metade con maior valor catastral do conxunto dos inmobles do municipio que teñan o dito uso.

O disposto neste artigo non será de aplicación aos municipios cuxos cadros de valores fosen aprobados entre os anos 2005 e 2007. Tampouco terá efectos para o período impositivo que se inicie en 2013 para aqueles municipios nos cales se aprobe un cadro de valores total no ano 2012.

2. No caso de que o tipo aprobado por un municipio para 2012 ou 2013 fose inferior ao vixente en 2011, no ano en que isto ocorra aplicarase o disposto neste artigo, tomando como base o tipo vixente en 2011.

3. O tipo máximo aplicable non poderá ser superior, en ningún caso, ao establecido no artigo 72 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Sección 2.^a Outros tributos

Artigo 9. *Taxas en materia de telecomunicacións.*

Un. A taxa por reserva de dominio público radioeléctrico establecida no punto 3 do anexo I da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións (en diante Lei xeral de telecomunicacións), débese calcular mediante a expresión:

$$T = [N \times V] / 166,386 = [S \text{ (km}^2\text{)} \times B \text{ (kHz)} \times F (C_1, C_2, C_3, C_4, C_5)] / 166,386$$

onde:

T = importe da taxa anual en euros.

N = número de unidades de reserva radioeléctrica (URR) calculado como o produto de S x B, é dicir, superficie en quilómetros cadrados da zona de servizo, por largo de banda reservado expresado en kHz.

V = valor da URR, determinado en función dos cinco coeficientes C_i , establecidos na Lei xeral de telecomunicacións, e cuxa cuantificación, de conformidade coa dita lei, será establecida na Lei de orzamentos xerais do Estado.

$F (C_1, C_2, C_3, C_4, C_5)$ = esta función é o produto dos cinco coeficientes indicados anteriormente.

Nos casos de reservas de dominio público radioeléctrico que afecten todo o territorio nacional, o valor da superficie S que se considerará para o cálculo da taxa é o de 505.990 quilómetros cadrados.

Nos servizos de radiocomunicacións que proceda, a superficie S que se vaia considerar poderá incluír, de ser o caso, a correspondente ao mar territorial español ou ao espazo aéreo baixo xurisdición española.

Para fixar o valor dos coeficientes C_1 a C_5 en cada servizo de radiocomunicacións, tivéronse en conta o significado que lles atribúen a Lei xeral de telecomunicacións e as normas regulamentarias que a desenvolven, a saber:

1.º Coeficiente C_1 : grao de utilización e conxestión das distintas bandas e nas distintas zonas xeográficas. Valóranse os seguintes conceptos:

Número de frecuencias por concesión ou autorización.
Zona urbana ou rural.
Zona de servizo.

2.º Coeficiente C_2 : tipo de servizo para o cal se pretende utilizar e, en particular, se este comporta para quen o preste as obrigacións de servizo público recollidas no título III da Lei xeral de telecomunicacións. Valóranse os seguintes conceptos:

Soporte a outras redes (infraestrutura).

Prestación a terceiros.
 Autoprestación.
 Servizos de telefonía con dereitos exclusivos.
 Servizos de radiodifusión.

3.º Coeficiente C_3 : banda ou subbanda do espectro. Valóranse os seguintes conceptos:

Características radioeléctricas da banda (idoneidade da banda para o servizo solicitado).

Previsións de uso da banda.
 Uso exclusivo ou compartido da subbanda.

4.º Coeficiente C_4 : equipamentos e tecnoloxía que se empregan. Valóranse os seguintes conceptos:

Redes convencionais.
 Redes de asignación aleatoria.
 Modulación en radioenlaces.
 Diagrama de radiación.

5.º Coeficiente C_5 : valor económico derivado do uso ou aproveitamento do dominio público reservado. Valóranse os seguintes conceptos:

Experiencias non comerciais.
 Rendibilidade económica do servizo.
 Interese social da banda.
 Usos derivados da demanda de mercado.
 Densidade de poboación.

Considerando os distintos factores que afectan a determinación da taxa, establecéronse diversas modalidades para cada servizo a cada unha das cales se lle asigna un código identificativo.

A continuación indícanse cales son os factores de ponderación dos distintos coeficientes, así como a súa posible marxe de valoración respecto ao valor de referencia. O valor de referencia tómase por defecto, e aplícase naqueles casos en que, pola natureza do servizo ou da reserva efectuada, o coeficiente correspondente non é de aplicación.

Coeficiente C_1 : mediante este coeficiente tense en conta o grao de ocupación das distintas bandas de frecuencia para un determinado servizo. Para estes efectos fíxose unha tabulación en marxes de frecuencia cuxos extremos inferior e superior comprenden as bandas tipicamente utilizadas nos respectivos servizos. Tamén recolle este coeficiente a zona xeográfica de utilización, distinguindo xeralmente entre zonas de elevado interese e alta utilización, as cales se asimilan ás grandes concentracións urbanas, e zonas de baixo interese e escasa utilización como poden ser as zonas rurais. Pártese dun valor unitario ou de referencia para as bandas menos conxestionadas e nas zonas xeográficas de escasa utilización, subindo o custo relativo ata un máximo de dous por estes conceptos para as bandas de frecuencia máis demandadas e en zonas de alto interese ou utilización.

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia.	1	De aplicación nunha ou varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores.	1 a 2	—
Zona alta/baixa utilización.	+ 25 %	De aplicación segundo criterios específicos por servizos e bandas de frecuencias nas modalidades e conceptos afectados.
Demanda da banda.	Ata + 20 %	
Concesións e usuarios.	Ata + 30 %	

Coeficiente C_2 : mediante este coeficiente faise unha distinción entre as redes de autoprestación e as que teñen por finalidade a prestación a terceiros dun servizo de radiocomunicacións con contraprestación económica. Dentro destes últimos tívose en conta, de ser o caso, a consideración de servizo público, tomándose en consideración no valor deste coeficiente a bonificación por servizo público que se establece no anexo I da Lei xeral de telecomunicacións, que queda incluída no valor que se establece para este parámetro.

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia.	1	De aplicación nunha ou varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores.	1 a 2	–
Prestación a terceiros/ autoprestación.	Ata + 10 %	De aplicación segundo criterios específicos por servizos e bandas de frecuencias nas modalidades e conceptos afectados.

Coeficiente C_3 : co coeficiente C_3 considéranse as posibles modalidades de outorgamento da reserva de dominio público radioeléctrico dunha determinada frecuencia ou subbanda de frecuencias, con carácter exclusivo ou compartido con outros usuarios nunha determinada zona xeográfica. Estas posibilidades son de aplicación no caso do servizo móbil. Para outros servizos, a reserva de dominio público radioeléctrico debe ser con carácter exclusivo pola natureza deste. Aquelas reservas solicitadas en bandas non adecuadas ao servizo, en función das tendencias de utilización e previsións do Cadro nacional de atribución de frecuencias (CNAF), penalízanse cunha taxa máis elevada, co fin de favorecer a tendencia cara á harmonización das utilizacións radioeléctricas, o cal se reflicte na valoración deste coeficiente.

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia.	1	De aplicación nunha ou varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores.	1 a 2	–
Frecuencia exclusiva/compartida.	Ata + 75 %	De aplicación segundo criterios específicos por servizos e bandas de frecuencias nas modalidades e conceptos afectados.
Idoneidade da banda de frecuencia.	Ata + 60 %	

Coeficiente C_4 : con este coeficiente é posible ponderar dunha maneira distinta as diferentes tecnoloxías ou sistemas empregados, favorecendo aquelas que fan un uso máis eficiente do espectro radioeléctrico. Así, por exemplo, en redes móbiles favorécese a utilización de sistemas de asignación aleatoria de canle fronte aos tradicionais de asignación fixa. No caso de radioenlaces, o tipo de modulación utilizado é un factor determinante á hora de valorar a capacidade de transmisión de información por unidade de largo de banda e isto tívose en conta de maneira xeral, considerando as tecnoloxías dispoñibles segundo a banda de frecuencias. En radiodifusión recolléronse os novos sistemas de radiodifusión sonora, ademais dos clásicos analóxicos.

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia.	2	De aplicación nunha o varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores.	1 a 2	–
Tecnoloxía utilizada / tecnoloxía de referencia.	Ata + 50 %	De aplicación segundo criterios específicos por servizos e bandas de frecuencias nas modalidades e conceptos afectados.

Coefficiente C_5 : este coeficiente considera os aspectos de relevancia social dun determinado servizo fronte a outros servizos de similar natureza desde o punto de vista radioeléctrico. Tamén recolle o relativo interese económico ou rendibilidade do servizo prestado, gravando máis por unidade de largo de banda aqueles servizos de alto interese e rendibilidade fronte a outros que, mesmo sendo similares desde o punto de vista radioeléctrico, ofrezan unha rendibilidade moi distinta e teñan diferente consideración desde o punto de vista de relevancia social.

En radiodifusión, dadas as peculiaridades do servizo, considerouse un factor determinante para fixar a taxa dunha determinada reserva de dominio público radioeléctrico a densidade de poboación dentro da zona de servizo da emisora considerada.

Cando a reserva de frecuencias se destine á realización de emisións de carácter experimental e sen contraprestación económica para o seu titular, nin outra finalidade que a investigación e o desenvolvemento de novas tecnoloxías durante un período de tempo limitado e definido, o valor do coeficiente C_5 nestes casos será o 15 % do valor xeral.

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia.	1	De aplicación nunha ou varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores.	> 0	—
Rendibilidade económica.	Ata + 30 %	De aplicación segundo criterios específicos por servizos e bandas de frecuencias nas modalidades e conceptos afectados.
Interese social do servizo.	Ata - 20 %	
Poboación.	Ata + 100 %	
Experiencias non comerciais.	- 85 %	

Cálculo da taxa por reserva de dominio público radioeléctrico.

Servizos radioeléctricos e modalidades consideradas.

Considéranse os seguintes grupos ou clasificacións:

1. Servizos móbiles.

- 1.1 Servizo móbil terrestre e servizos asociados.
- 1.2 Servizo móbil terrestre con cobertura nacional.
- 1.3 Servizos de comunicacións electrónicas (prestación a terceiros).
- 1.4 Servizo móbil marítimo.
- 1.5 Servizo móbil aeronáutico.
- 1.6 Servizo móbil por satélite.
- 1.7 Sistemas de comunicacións móbiles terrestres de banda larga.
- 1.8 Sistema europeo de comunicacións en ferrocarrís (GSM-R).

2. Servizo fixo.

- 2.1 Servizo fixo punto a punto.
- 2.2 Servizo fixo punto a multipunto.
- 2.3 Servizo fixo por satélite.

3. Servizo de radiodifusión.

- 3.1 Radiodifusión sonora.
- 3.2 Televisión.
- 3.3 Servizos auxiliares á radiodifusión.

4. Outros servizos.

- 4.1 Radionavegación.

- 4.2 Radiodeterminación.
- 4.3 Radiolocalización.
- 4.4 Servizos por satélite, tales como de investigación espacial, de operacións espaciais e outros.
- 4.5 Servizos non recollidos en puntos anteriores.

Tendo en conta estes grupos de servizos radioeléctricos, as posibles bandas de frecuencias para a prestación do servizo e os cinco coeficientes cos seus correspondentes conceptos ou factores que cómpre considerar para calcular a taxa de diferentes reservas de dominio público radioeléctrico dun servizo dado, obtéñense as modalidades que se indican a continuación.

1. Servizos móbiles.

1.1 Servizo móbil terrestre e servizos asociados.

Inclúense nesta clasificación as reservas de dominio público radioeléctrico para redes do servizo móbil terrestre e outras modalidades como operacións portuarias e de movemento de barcos e os enlaces monocanles de banda estreita.

Os cinco coeficientes establecidos no punto 3.1 do anexo I da Lei xeral de telecomunicacións obrigan a distinguir en redes do servizo móbil terrestre diversas modalidades e a avaliar diferenciadamente os criterios para fixar a taxa dunha determinada reserva.

En cada modalidade tabuláronse as marxes de frecuencia que é preciso distinguir para efectos de calcular a taxa para ter en conta a ocupación relativa das distintas bandas de frecuencia e outros aspectos recollidos na Lei xeral de telecomunicacións, por exemplo a idoneidade ou non dunha determinada banda de frecuencias para o servizo considerado.

Dentro destas marxes de frecuencia, unicamente se outorgarán reservas de dominio público radioeléctrico nas bandas de frecuencias reservadas no CNAF ao servizo considerado.

Con carácter xeral, para redes do servizo móbil aplícase, para efectos de calcular a taxa, a modalidade de zona xeográfica de alta utilización, sempre que a cobertura da rede comprenda, total ou parcialmente, poboacións con máis de 50.000 habitantes. Para redes con frecuencias en diferentes bandas, o concepto de zona xeográfica aplicarase de forma independente para cada unha delas.

Sen prexuízo do establecido no punto 1.1.9, para as modalidades incluídas nesta epígrafe, o largo de banda *B* que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (12,5 kHz ou 25 kHz) polo número de frecuencias utilizadas.

1.1.1 Servizo móbil asignación fixa/frecuencia compartida/zona de baixa utilización/autoprestación.

A superficie *S* que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico; para efectos de cálculo, establecerase unha superficie mínima de 1000 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,2	1,25	1	1,3	0,4707	1111
100-200 MHz	1,7	1,25	1	1,3	0,5395	1112
200-400 MHz	1,6	1,25	1,1	1,3	0,4937	1113
400-1.000 MHz	1,5	1,25	1,2	1,3	0,4590	1114
1.000-3.000 MHz	1,1	1,25	1,1	1,3	0,4590	1115
> 3.000 MHz	1	1,25	1,2	1,3	0,4590	1116

1.1.2 Servizo móbil asignación fixa/frecuencia compartida/zona de alta utilización/autoprestación.

A superficie S que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico; para efectos de cálculo, establecerase unha superficie mínima de 1000 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,4	1,25	1	1,3	0,4707	1121
100-200 MHz	2	1,25	1	1,3	0,5395	1122
200-400 MHz	1,8	1,25	1,1	1,3	0,4937	1123
400-1.000 MHz	1,7	1,25	1,2	1,3	0,4590	1124
1.000-3.000 MHz	1,25	1,25	1,1	1,3	0,4590	1125
> 3.000 MHz	1,15	1,25	1,2	1,3	0,4590	1126

1.1.3 Servizo móbil asignación fixa/frecuencia exclusiva/zona de baixa utilización/autoprestación.

A superficie S que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico; para efectos de cálculo, establecerase unha superficie mínima de 1000 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,2	1,25	1,5	1,3	0,4707	1131
100-200 MHz	1,7	1,25	1,5	1,3	0,5395	1132
200-400 MHz	1,6	1,25	1,65	1,3	0,4937	1133
400-1.000 MHz	1,5	1,25	1,8	1,3	0,4590	1134
1.000-3.000 MHz	1,1	1,25	1,65	1,3	0,4590	1135
> 3.000 MHz	1	1,25	1,8	1,3	0,4590	1136

1.1.4 Servizo móbil asignación fixa/frecuencia exclusiva/zona de alta utilización/autoprestación.

A superficie S que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico; para efectos de cálculo, establecerase unha superficie mínima de 1000 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,4	1,25	1,5	1,3	0,4707	1141
100-200 MHz	2	1,25	1,5	1,3	0,5395	1142
200-400 MHz	1,8	1,25	1,65	1,3	0,4937	1143
400-1.000 MHz	1,7	1,25	1,8	1,3	0,4590	1144
1.000-3.000 MHz	1,25	1,25	1,65	1,3	0,4590	1145
> 3.000 MHz	1,15	1,25	1,8	1,3	0,4590	1146

1.1.5 Servizo móbil asignación fixa/frecuencia exclusiva/calquera zona/prestación a terceiros.

A superficie *S* que se considerará é a que figura na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico; para efectos de cálculo, establecerase unha superficie mínima de 1000 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,4	1,375	1,5	1,3	0,4707	1151
100-200 MHz	2	1,375	1,5	1,3	0,5395	1152
200-400 MHz	1,8	1,375	1,65	1,3	0,4937	1153
400-1.000 MHz	1,7	1,375	1,8	1,3	0,4590	1154
1.000-3.000 MHz	1,25	1,375	1,65	1,3	0,4590	1155
> 3.000 MHz	1,15	1,375	1,8	1,3	0,4590	1156

1.1.6 Servizo móbil asignación aleatoria/frecuencia exclusiva/calquera zona/autoprestación.

A superficie *S* que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico; para efectos de cálculo, establecerase unha superficie mínima de 1000 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,1	1,25	2	1	0,1491	1161
100-200 MHz	1,6	1,25	2	1	0,1789	1162
200-400 MHz	1,7	1,25	2	1	0,1491	1163
400-1.000 MHz	1,4	1,25	2	1	0,1491	1164
1.000-3.000 MHz	1,1	1,25	2	1	0,1491	1165
> 3.000 MHz	1	1,25	2	1	0,1491	1166

1.1.7 Servizo móbil asignación aleatoria/frecuencia exclusiva/calquera zona/prestación a terceiros.

A superficie *S* que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico; para efectos de cálculo, establecerase unha superficie mínima de 1000 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,1	1,375	2	1	0,1491	1171
100-200 MHz	1,6	1,375	2	1	0,1491	1172
200-400 MHz	1,7	1,375	2	1	0,1097	1173
400-1.000 MHz	1,4	1,375	2	1	0,1491	1174
1.000-3.000 MHz	1,1	1,375	2	1	0,1491	1175
> 3.000 MHz	1	1,375	2	1	0,1491	1176

1.1.8 Radiobusca (frecuencia exclusiva/calquera zona/prestación a terceiros).

A superficie *S* que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 50 MHz	1	2	1	2	19,5147	1181
50 - 174 MHz	1	2	1	1,5	0,3444	1182
> 174 MHz	1	2	1,3	1	0,3444	1183

1.1.9 Dispositivos de curto alcance: telemandos, alarmas, datos, etc. /calquera zona.

Inclúense neste punto os sistemas de curto alcance sempre que o raio de servizo da rede non sexa maior que tres quilómetros. A superficie *S* que se considerará será a correspondente á zona de servizo.

Para redes de maior cobertura aplicarase a modalidade correspondente entre o resto de servizos móbiles ou servizo fixo en función da natureza do servizo e características propias da rede.

O largo de banda *B* que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (10, 12,5, 25, 200 kHz, etc.) nos casos en que sexa de aplicación polo número de frecuencias utilizadas. Se en virtude das características técnicas da emisión non é aplicable ningunha canalización entre as indicadas, tomarase o largo de banda da denominación da emisión ou, no seu defecto, aplicarase a totalidade da correspondente banda de frecuencias destinada no CNAF para estas aplicacións.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 50 MHz	1,7	1,25	1,5	1	19,5147	1191
50-174 MHz	2	1,25	1,5	1	19,5147	1192
406-470 MHz	2	1,25	1,5	1	19,5147	1193
862-870 MHz	1,7	1,25	1,5	1	19,5147	1194
> 1.000 MHz	1,7	1,25	1,5	1	19,5147	1195

1.2 Servizo móbil terrestre de cobertura nacional.

O largo de banda *B* que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (12,5 kHz, 25 kHz, etc.) polo número de frecuencias utilizadas.

1.2.1 Servizo móbil asignación fixa/redes de cobertura nacional.

A superficie *S* que se considerará é a correspondente a todo o territorio nacional.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,4	1,375	2	1,25	$11,09 \cdot 10^{-3}$	1211
100-200 MHz	1,6	1,375	2	1,25	$11,09 \cdot 10^{-3}$	1212
200-400 MHz	1,44	1,375	2	1,25	$11,09 \cdot 10^{-3}$	1213
400-1.000 MHz	1,36	1,375	2	1,25	$11,09 \cdot 10^{-3}$	1214
1.000-3.000 MHz	1,25	1,375	2	1,25	$11,09 \cdot 10^{-3}$	1215
> 3.000 MHz	1,15	1,375	2	1,25	$11,09 \cdot 10^{-3}$	1216

1.2.2 Servizo móbil asignación aleatoria/redes de cobertura nacional.

A superficie *S* que se considerará é a correspondente a todo o territorio nacional.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 100 MHz	1,1	1,375	2	1	$63,36 \cdot 10^{-3}$	1221
100-200 MHz	1,6	1,375	2	1	$63,36 \cdot 10^{-3}$	1222
200-400 MHz	1,7	1,375	2	1	$63,36 \cdot 10^{-3}$	1223
400-1.000 MHz	1,4	1,375	2	1	$63,36 \cdot 10^{-3}$	1224
1.000-3.000 MHz	1,1	1,375	2	1	$63,36 \cdot 10^{-3}$	1225
> 3.000 MHz	1	1,375	2	1	$63,36 \cdot 10^{-3}$	1226

1.3 Servizos de comunicacións electrónicas (prestación a terceiros).

1.3.1 Sistemas terrestres de comunicacións electrónicas (prestación a terceiros).

A superficie *S* e o largo de banda *B* que se considerarán serán os que figuren na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Bandas 790 a 821 MHz, 832 a 862 MHz, 880 a 915 MHz, e 925 a 960 MHz.	2	2	1	1,8	$3,543 \cdot 10^{-2}$	1321
Bandas 1710 a 1785 MHz e 1805 a 1880 MHz.	2	2	1	1,6	$3,190 \cdot 10^{-2}$	1331
Bandas 1900 a 1980, 2010 a 2025, e 2110 a 2170 MHz.	2	2	1	1,5	$4,251 \cdot 10^{-2}$	1351
Banda de 2500 a 2690 MHz.	2	2	1	1,5	$9,182 \cdot 10^{-3} K$	1381

Na banda de 2500 a 2690 MHz, para as concesións de ámbito autonómico outorgadas por un procedemento de licitación, naquelas comunidades autónomas con baixos niveis de poboación, o coeficiente C5 pondérase cun factor K función da poboación. Os valores puntuais do coeficiente K e as comunidades autónomas afectadas son as seguintes: Castilla-La Mancha, K=0,284; Extremadura, K=0,286; Castilla y León, K=0,293; Aragón, K=0,304; Navarra, K=0,66; e La Rioja K=0,688.

1.3.2 Servizos de comunicacións móbiles a bordo de aeronaves (prestación a terceiros).

A superficie *S* que se considerará será de 1 quilómetro cadrado por cada 200 aeronaves ou fracción.

O largo de banda *B* que se terá en conta será o total reservado en función da tecnoloxía utilizada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Nas bandas previstas no CNAF.	1,4	2	1	1	1,20	1371

1.3.3 Servizos de comunicacións móbiles a bordo de buques (prestación a terceiros).

A superficie *S* que se considerará será de 1 quilómetro cadrado por cada 200 buques ou fracción.

O largo de banda *B* que se terá en conta será o total reservado en función da tecnoloxía utilizada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Nas bandas previstas no CNAF.	1,4	2	1	1	1,40	1391

1.4 Servizo móbil marítimo.

A superficie *S* que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico.

O largo de banda *B* que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (12,5 kHz, 25 kHz, etc.) polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 30 MHz	1	1,25	1,25	1	0,1146	1411
f ≥ 30 MHz	1,3	1,25	1,25	1	0,9730	1412

1.5 Servizo móbil aeronáutico.

A superficie *S* que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico.

O largo de banda que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización (12,5 kHz, 25 kHz, etc.) polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 30 MHz	1	1,25	1,25	1	0,1146	1511
f ≥ 30 MHz	1,3	1,25	1,25	1	0,1146	1512

1.6 Servizo móbil por satélite.

A superficie *S* que se considerará será a correspondente á área da zona de servizo autorizada do sistema ou da estación de que se trate; para efectos de cálculo, establecerase unha superficie mínima de 100.000 quilómetros cadrados.

O largo de banda *B* que se terá en conta será a suma do largo de banda reservada ao sistema para cada frecuencia, e computarase tanto o enlace ascendente coma o descendente.

1.6.1 Servizo móbil terrestre por satélite.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Nas bandas previstas no CNAF.	1	1,25	1	1	$1,950 \cdot 10^{-3}$	1611

1.6.2 Servizo móbil aeronáutico por satélite.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Banda 10-15 GHz.	1	1	1	1	$0,865 \cdot 10^{-5}$	1621

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Banda 1500-1700 MHz.	1	1	1	1	$7,852 \cdot 10^{-5}$	1622

1.6.3 Servizo móbil marítimo por satélite.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Banda 1500-1700 MHz.	1	1	1	1	$2,453 \cdot 10^{-4}$	1631

1.6.4 Sistemas de comunicacións electrónicas por satélite incluíndo, de ser o caso, compoñente terrestre subordinada (prestación a terceiros).

Este punto é de aplicación ás reservas de espectro para sistemas integrados de móbil por satélite, incluíndo, de ser o caso, unha rede terrestre subordinada que utiliza as mesmas frecuencias acordadas coa Decisión 2008/626/CE.

A superficie *S* que se considerará é a correspondente a todo o territorio nacional.

O largo de banda *B* que se considerará será o que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Bandas 1980 a 2010 MHz e 2170 a 2200 MHz.	1	1,25	1	1	$0,65 \cdot 10^{-3}$	1641

1.7 Sistemas de comunicacións móbiles terrestres de banda larga.

Este punto é de aplicación ás reservas de espectro para sistemas terreaís de comunicacións móbiles, que funcionen en bandas de frecuencia distintas das especificadas na epígrafe 1.3.1 e que utilicen canles radioeléctricas con longos de banda de transmisión superiores a 1 MHz e raios da zona de servizo superiores a 3 quilómetros.

A superficie *S* que se considerará é a que figura na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico; para efectos de cálculo, establecerase unha superficie mínima de 500 quilómetros cadrados.

O largo de banda *B* que se terá en conta é o resultante de multiplicar o valor da canalización polo número de frecuencias utilizadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
$f < 100$ MHz	1,4	1,375	1,5	1	9,6	1711
100-200 MHz	2	1,375	1,5	1	11	1712
200-400 MHz	1,8	1,375	1,6	1	11	1713
400-1.000 MHz	1,7	1,375	1,8	1	9,2	1714
1.000-3.000 MHz	1,25	1,375	1,6	1	9	1715
> 3.000 MHz	1,15	1,375	1,6	1	9	1716

1.8 Sistema europeo de comunicacións en ferrocarrís (GSM-R).

A superficie *S* que se considerará é a que resulte de multiplicar a suma das lonxitudes de todos os traxectos viarios para os cales se efectúa a reserva das frecuencias, expresados en quilómetros, por un largo de dez quilómetros.

O largo de banda B que se terá en conta será o largo de banda total que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
CNAF UN 40	2	2	1	1,8	0,02812	1361

2. Servizo fixo.

Inclúense neste punto, ademais das reservas puntuais de frecuencias para as diferentes modalidades do servizo, as denominadas reservas de banda en que a reserva alcanza porcións de espectro que permiten a utilización de diversas canles radioeléctricas de forma simultánea polo operador nunha mesma zona xeográfica.

As reservas de banda están xustificadas, exclusivamente, en casos de despregamentos masivos de infraestruturas radioeléctricas por un operador, para redes de comunicacións electrónicas de prestación de servizos a terceiros ou transportes de sinal de servizos audiovisuais, naquelas zonas xeográficas en que por necesidades de concentración de tráfico se precise dispor de grupos de canles radioelectricamente compatibles entre si.

2.1 Servizo fixo punto a punto.

Con carácter xeral, aplicarase a modalidade de zona xeográfica de alta utilización naqueles vans, individuais ou que forman parte dunha rede radioeléctrica extensa, en que algunha das estacións extremo do van se encontra situada nalgunha poboación de máis de 250.000 habitantes, ou nas súas proximidades ou o feixe principal do radioenlace do van atravesese a vertical da dita zona.

Para cada frecuencia utilizada tomarase o seu valor nominal con independencia de que os extremos da canle poidan comprender dúas das marxes de frecuencias tabuladas, e se este valor nominal coincide cun dos ditos extremos, tomarase a marxe para a cal resulte unha menor contía da taxa.

2.1.1 Servizo fixo punto a punto/frecuencia exclusiva/zona de baixa utilización/autoprestación.

O importe total da taxa obterase como o sumatorio da taxa individual de cada un dos vans radioeléctricos que compoñen a rede, calculada en función das características do dito van.

A superficie S que se considerará para cada van é a que resulte de multiplicar a súa lonxitude en quilómetros por un largo dun quilómetro.

O largo de banda B que se considerará en cada van é o resultante de multiplicar o valor da canalización utilizada ou, no seu defecto, o largo de banda segundo a denominación da emisión, polo número de frecuencias usadas en ambos os sentidos de transmisión. Para aqueles vans radioeléctricos onde se reserven frecuencias con dobre polarización considerárase, para efectos do cálculo da taxa, como se se tratar da reserva dun dobre número de frecuencias; non obstante, aplicarase unha redución do 25 % ao valor da taxa individual.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
$f < 1.000$ MHz	1,3	1	1,3	1,25	0,3214	2111
1.000-3.000 MHz	1,25	1	1,45	1,2	0,3214	2112
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	0,3014	2113
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	0,2712	2114

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,1	0,2712	2115
> 39,5 GHz	1	1	1	1	0,0615	2116

2.1.2 Servizo fixo punto a punto/frecuencia exclusiva/zona de alta utilización/autoprestación.

O importe total da taxa obterase como o sumatorio da taxa individual de cada un dos vans radioeléctricos que compoñen a rede, calculada en función das características do dito van.

A superficie S que se considerará para cada van é a que resulte de multiplicar a súa lonxitude en quilómetros por un largo dun quilómetro.

O largo de banda B que se considerará en cada van é o resultante de multiplicar o valor da canalización utilizada ou, no seu defecto, o largo de banda segundo a denominación da emisión, polo número de frecuencias usadas en ambos os sentidos de transmisión. Para aqueles vans radioeléctricos onde se reserven frecuencias con dobre polarización considerarase, para efectos do cálculo da taxa, como se se tratar da reserva dun dobre número de frecuencias; non obstante, aplicarase unha redución do 25 % ao valor da taxa individual.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
$f < 1.000$ MHz	1,6	1	1,3	1,25	0,3214	2121
1.000-3.000 MHz	1,55	1	1,45	1,2	0,3214	2122
3.000-10.000 MHz	1,55	1	1,15	1,15	0,3014	2123
10-24 GHz	1,5	1	1,1	1,15	0,2712	2124
24-39,5 GHz	1,3	1	1,05	1,1	0,2712	2125
> 39,5 GHz	1,2	1	1	1	0,0615	2126

2.1.3 Servizo fixo punto a punto/frecuencia exclusiva/prestación a terceiros.

O importe total da taxa obterase como o sumatorio da taxa individual de cada un dos vans radioeléctricos que compoñen a rede, calculada en función das características do dito van.

A superficie S que se considerará para cada van é a que resulte de multiplicar a súa lonxitude en quilómetros por un largo dun quilómetro.

O largo de banda B que se considerará en cada van é o resultante de multiplicar o valor da canalización utilizada ou, no seu defecto, o largo de banda segundo a denominación da emisión, polo número de frecuencias usadas en ambos os sentidos de transmisión. Para aqueles vans radioeléctricos onde se reserven frecuencias con dobre polarización considerarase, para efectos do cálculo da taxa, como se se tratar da reserva dun dobre número de frecuencias; non obstante, aplicarase unha redución do 25 % ao valor da taxa individual.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
$f < 1.000$ MHz	1,3	1	1,3	1,25	0,2020	2151
1.000-3.000 MHz	1,25	1	1,7	1,2	0,2020	2152
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	0,1895	2153
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	0,1705	2154
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,1	0,1705	2155

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
> 39,5 GHz	1	1	1	1	0,0388	2156

2.1.4 Servizo fixo punto a punto/reservas de banda en todo o territorio nacional.

Para efectos de calcular a correspondente taxa, considerarase o largo de banda reservado, sobre a superficie correspondente a todo o territorio nacional, con total independencia da reutilización efectuada de toda ou parte da banda asignada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 1.000 MHz	1,3	1	1,3	1,25	2,430 10 ⁻³	2161
1.000-3.000 MHz	1,25	1	1,2	1,2	2,430 10 ⁻³	2162
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	2,430 10 ⁻³	2163
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	2,430 10 ⁻³	2164
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,05	2,430 10 ⁻³	2165
> 39,5 GHz	1	1	1	1	0,595 10 ⁻³	2166

2.1.5 Servizo fixo punto a punto, de alta densidade en calquera zona.

Para o servizo fixo punto a punto de alta densidade, en frecuencias non coordinadas con outras autorizacións de uso na mesma zona, a superficie *S* que se considerará por cada van autorizado será o resultado de multiplicar unha lonxitude nominal de 1,5 quilómetros por un largo dun quilómetro.

O largo de banda *B* que se terá en conta para cada canle autorizada é o correspondente á canalización utilizada no enlace (50 MHz, 100 MHz, etc.), e, no seu defecto, o largo de banda segundo a denominación da emisión.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
CNAF UN 126	1,12	1	1,10	2	0,1103	2171
64-66 GHz	1,12	1	1,05	2	0,1103	2172
> 66 GHz	1,12	1	1	2	0,1103	2173

2.1.6 Servizo fixo punto a punto/reservas de banda de ámbito provincial ou multiprovincial.

Este punto é de aplicación ás reservas de banda para unha ou máis provincias cun límite máximo de zona de cobertura de 250.000 quilómetros cadrados.

Para efectos de calcular a correspondente taxa, considerarase o largo de banda reservado, sobre a superficie da zona de servizo, independentemente da reutilización efectuada de toda ou parte das frecuencias asignadas.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
F < 1.000 MHz	1,3	1	1,3	1,25	4,627 10 ⁻³	2181
1.000-3.000 MHz	1,25	1	1,2	1,2	4,627 10 ⁻³	2182
3-10 GHz	1,25	1	1,15	1,15	4,627 10 ⁻³	2183
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	4,627 10 ⁻³	2184
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,05	4,627 10 ⁻³	2185

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
> 39,5 GHz	1	1	1	1	1,157 10 ⁻³	2186

2.2 Servizo fixo punto a multipunto.

Para cada frecuencia utilizada tomarase o seu valor nominal con independencia de que os extremos da canle poidan comprender dúas das marxes de frecuencias tabuladas e, se este valor nominal coincide cun dos ditos extremos, tomarase a marxe para a cal resulte unha menor contía da taxa.

2.2.1 Servizo fixo punto a multipunto/frecuencia exclusiva/calquera zona/autoprestación.

A superficie *S* que se considerará será a zona de servizo indicada na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico.

O largo de banda *B* que se terá en conta obterase das características técnicas da emisión.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 1.000 MHz	1,5	1	1,3	1,25	0,1003	2211
1.000-3.000 MHz	1,35	1	1,25	1,2	0,0852	2212
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	0,0502	2213
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	0,0753	2214
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,1	0,0753	2215
> 39,5 GHz	1	1	1	1	0,0123	2216

2.2.2 Servizo fixo punto a multipunto/frecuencia exclusiva/calquera zona/prestación a terceiros.

A superficie *S* que se considerará é a zona de servizo indicada na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico, coa excepción das reservas código de modalidade 2235, para as cales se establece unha superficie mínima, para efectos de cálculo, de 80 quilómetros cadrados.

O largo de banda *B* que se terá en conta obterase das características técnicas da emisión.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 1.000 MHz	1,5	1	1,3	1,25	0,0505	2231
1.000-3.000 MHz	1,35	1	1,25	1,2	0,0428	2232
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	0,0253	2233
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	0,0377	2234
24-39,5 GHz	1,38	1	1,05	1,1	0,0377	2235
> 39,5-105 GHz	1	1	1	1	0,0062	2236

2.2.3 Servizo fixo punto a multipunto/reservas de banda en todo o territorio nacional.

O largo de banda *B* que se considerará será o indicado na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico sobre a superficie *S* correspondente a todo o territorio

nacional, con total independencia da reutilización efectuada de toda ou parte da banda asignada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 1.000 MHz	1,3	1	1,3	1,25	2,649 10 ⁻³	2241
1.000-3.000 MHz	1,35	1	1,25	1,2	2,649 10 ⁻³	2242
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	2,649 10 ⁻³	2243
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	2,649 10 ⁻³	2244
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,05	2,649 10 ⁻³	2245
> 39,5 GHz	1	1	1	1	0,649 10 ⁻³	2246

2.2.4 Servizo fixo punto a multipunto/reservas de banda de ámbito provincial ou multiprovincial.

Este punto é de aplicación ás reservas de espectro para unha ou máis provincias cun límite máximo de zona de servizo de 250.000 quilómetros cadrados.

O largo de banda *B* que se considerará será o indicado na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico sobre a superficie cuberta, independentemente da reutilización efectuada de toda ou parte da banda asignada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 1.000 MHz	1,3	1	1,3	1,25	30,27 10 ⁻³	2251
1.000-3.000 MHz	1,35	1	1,25	1,2	30,27 10 ⁻³	2252
3.000-10.000 MHz	1,25	1	1,15	1,15	30,27 10 ⁻³	2253
10-24 GHz	1,2	1	1,1	1,15	30,27 10 ⁻³	2254
24-39,5 GHz	1,1	1	1,05	1,05	30,27 10 ⁻³	2255
> 39,5 GHz	1	1	1	1	7,566 10 ⁻³	2256

2.3 Servizo fixo por satélite.

A superficie *S* que se considerará será a correspondente á da zona de servizo que, en xeral ou en caso de non se especificar outra, corresponderá coa superficie de todo o territorio nacional. En calquera caso, para efectos de cálculo, serán de aplicación as superficies mínimas que a continuación se especifican para as distintas epígrafes.

O largo de banda que se considerará para cada frecuencia será o especificado na denominación da emisión, computándose tanto o largo de banda do enlace ascendente coma o largo de banda do enlace descendente, cada un coas súas superficies respectivas; exceptúanse os enlaces de conexión de radiodifusión que, por se tratar dun enlace unicamente ascendente, só se computará o seu largo de banda.

2.3.1 Servizo fixo por satélite punto a punto, incluíndo enlaces de conexión do servizo móbil por satélite, e enlaces de contribución de radiodifusión vía satélite (punto a multipunto).

Nos enlaces punto a punto, tanto para o enlace ascendente como para o descendente, considerarase unha superficie *S* de 31.416 quilómetros cadrados. Nesta categoría considéranse incluídos os enlaces de contribución de radiodifusión punto a punto. Nos enlaces de contribución punto a multipunto considerarase unha superficie *S* de 31.416 quilómetros cadrados para o enlace ascendente e para o enlace descendente considerarase a área da zona de servizo que, en xeral, corresponderá coa superficie de

todo o territorio nacional; para efectos de cálculo, establecerase en calquera caso unha superficie mínima de 100.000 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 3.000 MHz	1,50	1,25	1,50	1,20	1,950 10 ⁻⁴	2311
3-17 GHz	1,25	1,25	1,15	1,15	1,950 10 ⁻⁴	2312
> 17 GHz	1,0	1,25	1,0	1,20	0,360 10 ⁻⁴	2315

2.3.2 Enlaces de conexión do servizo de radiodifusión (sonora e de televisión) por satélite.

Para os enlaces de conexión (enlace ascendente) do servizo de radiodifusión (sonora e de televisión) por satélite considerase unha superficie *S*, para efectos de cálculo, de 31.416 quilómetros cadrados.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 3.000 MHz	1,50	1,25	1,50	1,20	1,7207 10 ⁻⁴	2321
3-30 GHz	1,25	1,25	1,50	1,20	1,7207 10 ⁻⁴	2322
> 30 GHz	1,0	1,25	1,0	1,20	1,7207 10 ⁻⁴	2324

2.3.3 Servizos tipo VSAT (redes de datos por satélite) e SNG (enlaces transportables de reportaxes por satélite).

Considerase a superficie da zona de servizo e establecerase unha superficie mínima para efectos de cálculo de 10.000 quilómetros cadrados. No caso dos enlaces SNG, considerase unha superficie de 20.000 quilómetros cadrados. En todos os casos anteriores, a superficie tomarase tanto en transmisión como en recepción e todo iso independentemente do número de estacións transmisoras e receptoras.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
f < 3.000 MHz	1,50	1,25	1,50	1,20	1,7207 10 ⁻⁴	2331
3-17 GHz	1,25	1,25	1,50	1,20	1,7207 10 ⁻⁴	2332
> 17 GHz	1,0	1,25	1,0	1,20	4,21 10 ⁻⁵	2334

3. Servizo de radiodifusión.

As consideracións seguintes son de aplicación ao servizo de radiodifusión, tanto na súa modalidade de radiodifusión sonora como de televisión.

A superficie *S* que se considerará será a correspondente á zona de servizo. Por tanto, nos servizos de radiodifusión que teñen por obxecto a cobertura nacional, a superficie da zona de servizo será a superficie do territorio nacional e non se avaliará a taxa individualmente por cada unha das estacións necesarias para alcanzar a dita cobertura. Igualmente, nos servizos de radiodifusión (sonora e de televisión) que teñen por obxecto a cobertura autonómica, a superficie da zona de servizo será a superficie do territorio autonómico correspondente e non se avaliará a taxa individualmente por cada unha das estacións necesarias para alcanzar a dita cobertura.

Nos servizos de radiodifusión que teñen por obxecto a cobertura nacional ou calquera das coberturas autonómicas, o largo de banda *B* que se aplicará será o correspondente

ao tipo de servizo de que se trate e igual ao que se aplicaríase a unha estación do servizo considerada individualmente.

Nas modalidades de servizo para as cales se cualifica a zona xeográfica, considérase que se trata dunha zona de alto interese e rendibilidade cando a zona de servizo inclúa algunha capital de provincia ou autonómica ou outras localidades con máis de 50.000 habitantes.

No servizo de radiodifusión, o coeficiente C5 pondérase cun factor k, función da densidade de poboación, obtida con base no censo de poboación en vigor, na zona de servizo, de acordo coa seguinte táboa:

Densidade de poboación	Factor k
Ata 100 habitantes/km ²	0,015
Superior a 100 hb/km ² e ata 250 hb/km ²	0,050
Superior a 250 hb/km ² e ata 500 hb/km ²	0,085
Superior a 500 hb/km ² e ata 1.000 hb/km ²	0,120
Superior a 1.000 hb/km ² e ata 2.000 hb/km ²	0,155
Superior a 2.000 hb/km ² e ata 4.000 hb/km ²	0,190
Superior a 4.000 hb/km ² e ata 6.000 hb/km ²	0,225
Superior a 6.000 hb/km ² e ata 8.000 hb/km ²	0,450
Superior a 8.000 hb/km ² e ata 10.000 hb/km ²	0,675
Superior a 10.000 hb/km ² e ata 12.000 hb/km ²	0,900
Superior a 12.000 hb/km ²	1,125

As bandas de frecuencias para prestar servizos de radiodifusión serán, en calquera caso, as especificadas no CNAF; con todo, o secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá autorizar usos de carácter temporal ou experimental diferentes aos sinalados no dito cadro que non causen perturbacións a estacións radioelétricas legalmente autorizadas. Os ditos usos, de carácter temporal ou experimental, estarán igualmente gravados cunha taxa por reserva de dominio público radioelétrico, cuxo importe se avaliará seguindo os criterios xerais do servizo a que se poida asimilar ou, de ser o caso, os criterios que correspondan á banda de frecuencias reservada.

Para o servizo de radiodifusión por satélite consideraranse unicamente os enlaces ascendentes desde o territorio nacional, que están tipificados como enlaces de conexión dentro do punto 2.3.2 do servizo fixo por satélite.

Os enlaces de contribución de radiodifusión vía satélite están igualmente tipificados como tales dentro do punto 2.3.1 do servizo fixo por satélite.

3.1 Radiodifusión sonora.

3.1.1 Radiodifusión sonora de onda longa e de onda media:

A superficie *S* será a correspondente á zona de servizo.

O largo de banda *B* que se considerará será de 9 kHz nos sistemas de modulación con dobre banda lateral e de 4,5 kHz nos sistemas de modulación con banda lateral única.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
148,5 a 283,5 kHz	1	1	1	1,25	650,912 k	3111
526,5 a 1.606,5 kHz	1	1	1,5	1,25	650,912 k	3112

3.1.2 Radiodifusión sonora de onda curta.

Considerarase a superficie *S* correspondente á superficie do territorio nacional e a densidade de poboación correspondente á densidade de poboación nacional.

O largo de banda *B* que se considerará será de 9 kHz nos sistemas de modulación con dobre banda lateral e de 4,5 kHz nos sistemas de modulación con banda lateral única.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
3 a 30 MHz segundo CNAF	1	1	1	1,25	325,453 k	3121

3.1.3 Radiodifusión sonora con modulación de frecuencias en zonas de alto interese e rendibilidade.

A superficie *S* será a correspondente á zona de servizo.

O largo de banda *B* que se considerará será de 180 kHz nos sistemas monofónicos, de 256 kHz nos sistemas estereofónicos e 300 kHz nos sistemas con subportadoras suplementarias.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
87,5 a 108 MHz	1,25	1	1,5	1,25	13,066 k	3131

3.1.4 Radiodifusión sonora con modulación de frecuencia noutras zonas.

A superficie *S* será a correspondente á zona de servizo.

O largo de banda *B* que se considerará será de 180 kHz nos sistemas monofónicos, de 256 kHz nos sistemas estereofónicos e de 300 kHz nos sistemas con subportadoras suplementarias.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
87,5 a 108 MHz	1	1	1,5	1,25	13,066 k	3141

3.1.5 Radiodifusión sonora dixital terrestre en zonas de alto interese e rendibilidade.

A superficie *S* será a correspondente á zona de servizo.

O largo de banda *B* que se considerará será de 1.536 kHz nos sistemas con norma UNE ETS 300 401.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
195 a 223 MHz	1,25	1	1,5	1	0,3756 k	3151
1.452 a 1.492 MHz	1,25	1	1	1	0,3756 k	3152

3.1.6 Radiodifusión sonora dixital terrestre noutras zonas.

A superficie *S* será a correspondente á zona de servizo.

O largo de banda *B* que se considerará será de 1.536 kHz nos sistemas con norma UNE ETS 300 401.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
195 a 223 MHz.	1	1	1,5	1	0,3756 k	3161
1.452 a 1.492 MHz.	1	1	1	1	0,3756 k	3162

3.2 Televisión.

A superficie *S* será en todos os casos a correspondente á zona de servizo.

3.2.1 Televisión dixital terrestre en zonas de alto interese e rendibilidade.

Este punto é de aplicación ás reservas de espectro de ámbito nacional e autonómico.

O largo de banda *B* que se considerará será de 8.000 kHz nos sistemas coa norma UNE ETS 300 744.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
470 a 862 MHz.	1,25	1	1,3	1	0,7023k	3231

3.2.2 Televisión dixital terrestre noutras zonas.

Este punto é de aplicación ás reservas de espectro de ámbito nacional e autonómico.

O largo de banda *B* que se considerará será de 8.000 kHz nos sistemas coa norma UNE ETS 300 744.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
470 a 862 MHz.	1	1	1,3	1	0,7023k	3241

3.2.3 Televisión dixital terrestre de ámbito local en zonas de alto interese e rendibilidade.

Este punto é de aplicación ás reservas de espectro de ámbito local.

O largo de banda *B* que se considerará será de 8.000 kHz nos sistemas coa norma UNE ETS 300 744.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
470 a 862 MHz.	1,25	1	1,3	1	0,3512k	3251

3.2.4 Televisión dixital terrestre de ámbito local noutras zonas.

Este punto é de aplicación ás reservas de espectro de ámbito local.

O largo de banda *B* que se considerará será de 8.000 kHz nos sistemas coa norma UNE ETS 300 744.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
470 a 862 MHz.	1	1	1,3	1	0,3512k	3261

3.3 Servizos auxiliares á radiodifusión.

3.3.1 Enlaces móbiles de fonía para reportaxes e transmisión de eventos radiofónicos.

A superficie *S* que se considerará é a que figure na correspondente reserva de dominio público radioeléctrico; establecerase unha superficie mínima de 100 quilómetros cadrados.

O largo de banda *B* computable é o correspondente á canle utilizada (300 kHz, 400 kHz, etc.).

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Nas bandas previstas no CNAF.	1	1	1	2	0,8017	3311

3.3.2 Enlaces de transporte de programas de radiodifusión sonora entre estudos e emisoras.

A superficie *S* que se considerará é a que resulte de multiplicar a suma das lonxitudes de todos os vans por un largo dun quilómetro; establecerase unha superficie mínima de 10 quilómetros cadrados.

O largo de banda *B* é o correspondente á canle utilizada (300 kHz, 400 kHz, etc.).

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
CNAF UN 111.	1,25	1	1,25	2	5,72	3321
CNAF UN 47.	1,15	1	1,10	1,90	5,72	3322
CNAF UN 88.	1,05	1	0,75	1,60	5,72	3323
CNAF UN 105 e 106.	1,5	1	1,3	2	5,72	3324

3.3.3 Enlaces móbiles de televisión (ENG).

Establécese, para efectos de cálculo, unha superficie de 10 quilómetros cadrados por cada reserva de frecuencias, independentemente do número de equipamentos que estean funcionando na mesma frecuencia e uso en calquera punto do territorio nacional.

O largo de banda *B* que se considerará será o correspondente á canle utilizada.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Nas bandas previstas no CNAF.	1,25	1	1,25	2	0,7177	3331

4. Outros servizos.

4.1 Servizo de radionavegación.

A superficie *S* que se considerará será a do círculo que ten como raio o de servizo autorizado.

O largo de banda *B* obterase directamente da denominación da emisión.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Nas bandas previstas no CNAF	1	1	1	1	0,0100	4111

4.2 Servizo de radiodeterminación.

A superficie *S* que se considerará será a do círculo que ten como raio o de servizo autorizado.

O largo de banda *B* obterase directamente da denominación da emisión.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Nas bandas previstas no CNAF	1	1	1	1	0,0602	4211

4.3 Servizo de radiolocalización.

A superficie *S* que se considerará neste servizo será a do círculo que ten como raio o de servizo autorizado.

O largo de banda *B* obterase directamente da denominación da emisión.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Nas bandas previstas no CNAF	1	1	1	1	0,03090	4311

4.4 Servizos por satélite, tales como operacións espaciais, exploración da terra por satélite e outros.

A superficie *S* que se considerará será a correspondente á zona de servizo; para efectos de cálculo, establecerase unha superficie mínima de 31.416 quilómetros cadrados, tanto en transmisión como en recepción.

O largo de banda *B* que se considerará, tanto en transmisión como en recepción, será o exixido polo sistema solicitado en cada caso.

Frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
Operacións espaciais (telemando, telemedida e seguimento)	1	1	1	1	$1,977 \cdot 10^{-4}$	4412
Exploración da Terra por satélite	1	1	1	1	$0,7973 \cdot 10^{-4}$	4413
Outros servizos espaciais	1	1	1	1	$3,904 \cdot 10^{-3}$	4411

5. Servizos non recollidos en puntos anteriores.

Para os servizos e sistemas que se poidan presentar e que non estean recollidos nos puntos anteriores ou aos cales razoablemente non se lles poidan aplicar as regras anteriores, fixarase a taxa en cada caso en función dos seguintes criterios:

- Comparación con algún dos servizos citados anteriormente con características técnicas parecidas.

- Cantidade de dominio radioeléctrico tecnicamente necesaria.
- Superficie cuberta pola reserva efectuada.
- Importe da taxa devengada por sistemas que, baixo tecnoloxías diferentes, resulten similares en canto aos servizos que prestan.

Dous. As disposicións regulamentarias reguladoras da taxa por reserva de dominio público radioeléctrico conservarán a súa vixencia en todo o que non se opoña ao previsto no presente artigo.

Tres. O importe da taxa xeral de operadores establecida no punto 1 do anexo I da Lei xeral de telecomunicacións será o resultado de aplicar o tipo do 1 por mil á cifra dos ingresos brutos de explotación que obteñan aqueles.

CAPÍTULO V

Dos entes territoriais

Sección 1.ª Entidades locais

Artigo 10. *Participación das entidades locais nos tributos do Estado.*

1. En canto aos compoñentes da participación das entidades locais nos tributos do Estado regulados nas seccións 2.ª a 6.ª do capítulo I, «Entidades locais», do título VII, «Dos entes territoriais», da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, actualizaranse exclusivamente as referencias temporais mencionadas no seu artigo 107.dous.a), considerando para estes efectos a poboación do padrón municipal vixente e oficialmente aprobado polo Goberno en 1 de xaneiro do ano 2012 e os datos do esforzo fiscal e do inverso da capacidade tributaria da última liquidación definitiva practicada.

2. Para efectos da información que deberán subministrar as corporacións locais relativa ao esforzo fiscal, establecida no artigo 124 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, as certificacións correspondentes deberanse referir ao ano 2010 e deberanse subministrar aos órganos competentes, antes do 30 de xuño do ano 2012, na forma en que estes determinen.

3. A revisión cuatrienal a que se refire o artigo 114 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, realizarase nos termos que estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Sección 2.ª Comunidades autónomas

Artigo 11. *Entregas á conta do Fondo de suficiencia global.*

Para o pagamento das entregas á conta do Fondo de suficiencia global correspondentes a 2012 en situación de prórroga, que resultan da aplicación da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, utilizaranse os créditos que, para cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, figuran na Sección 36 «Sistemas de financiamento de entes territoriais», Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, Programa 941M «Transferencias a comunidades autónomas por participación nos ingresos do Estado», concepto 451 «Fondo de suficiencia global».

Para ese efecto, no momento en que os indicados créditos resulten insuficientes para o pagamento das entregas á conta indicadas realizaranse as transferencias de crédito oportunas.

Artigo 12. *Fondos de compensación interterritorial.*

A referencia que o artigo 131 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, contén ao anexo da Sección 33 entenderase feita aos proxectos de investimento que se acorden no seo do Comité de Inversións Públicas que se reunirá co dito fin, para os efectos previstos no artigo 7 da Lei 22/2001, do 27 de decembro, reguladora dos fondos de compensación interterritorial.

CAPÍTULO VI

Cotizacións sociais

Artigo 13. *Actualización das bases e tipos de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional.*

Un. O contido do artigo 132 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, terá, ademais das adaptacións derivadas das modificacións legais operadas durante o ano 2011, as especificacións e excepcións que a continuación se establecen:

1. As contías das bases máximas aplicables nos distintos réximes da Seguridade Social incrementaranse, respecto das vixentes en 2011, nun 1 por cento.

2. No réxime especial da minaría do carbón, e para efectos de cálculo das bases normalizadas de cotización por continxencias comúns, aplicarase o disposto no punto oito do artigo 132 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, aínda que o período que se considerará será o do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2011.

3. Durante o ano 2012, o tipo de cotización adicional en relación co anticipo da idade de xubilación dos bombeiros a que se refire o punto trece do artigo 132 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, será do 7,10 por cento, do cal o 5,92 por cento será por conta da empresa e o 1,18 por cento por conta do traballador.

4. Durante o ano 2012, o tipo de cotización adicional en relación co anticipo da idade de xubilación dos membros do Corpo da Ertzaintza a que se refire o punto catorce do artigo 132 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, será do 6,50 por cento, do cal o 5,42 por cento será por conta da empresa e o 1,08 por cento por conta do traballador.

5. Durante o ano 2012, en relación coa cotización no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios do réxime xeral da Seguridade Social, rexerán as seguintes particularidades:

a) Non resultará de aplicación a cotización adicional por horas extraordinarias a que se refire o punto dous.3 do artigo 132 da Lei 39/2010, do 22 de decembro.

b) Independentemente do número de horas de traballo realizadas en cada xornada, a base de cotización non poderá ter unha contía inferior á da base mínima diaria do grupo 10 de cotización establecida para os períodos de actividade.

c) Para os traballadores incluídos no grupo 1 de cotización non será de aplicación o establecido no punto 1 do artigo 4.4. a) da Lei 28/2011, do 22 de setembro, pola que se procede á integración do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime xeral da Seguridade Social.

6. A base de cotización para os traballadores autónomos que, en 1 de xaneiro de 2012, sexan menores de 47 anos de idade será a elixida por estes, dentro dos límites que representan as bases mínima e máxima.

Igual elección poderán efectuar aqueles traballadores autónomos que nesa data teñan unha idade de 47 anos e a súa base de cotización no mes de decembro de 2011 fose igual ou superior a 1.682,70 euros mensuais.

Os traballadores autónomos que, en 1 de xaneiro de 2012, teñan 47 anos de idade, se a súa base de cotización for inferior a 1.682,70 euros mensuais, non poderán elixir unha base de contía superior a 1.870,50 euros mensuais, salvo que exerzan a súa opción

en tal sentido antes do 30 de xuño de 2012, o que producirá efectos a partir do 1 de xullo do mesmo ano.

A base de cotización dos traballadores autónomos que, en 1 de xaneiro de 2012, teñan cumprida a idade de 48 ou máis anos estará comprendida entre as contías de 916,50 e 1.870,50 euros mensuais, salvo que se trate do cónxuxe supérstite do titular do negocio que, como consecuencia do falecemento deste, tivese que se pór á fronte del e darse de alta neste réxime especial con corenta e cinco ou máis anos de idade; nese caso a elección de bases estará comprendida entre as contías de 850,20 e 1.870,50 euros mensuais.

No entanto, a base de cotización dos traballadores autónomos que con anterioridade aos 50 anos cotizasen en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social cinco ou máis anos, terán as seguintes contías:

a) Se a última base de cotización acreditada foi igual ou inferior a 1.682,70 euros mensuais, deberase cotizar por unha base comprendida entre 850,20 euros mensuais e 1.870,50 euros mensuais.

b) Se a última base de cotización acreditada foi superior a 1.682,70 euros mensuais, deberase cotizar por unha base comprendida entre 850,20 euros mensuais e o importe daquela incrementado nun 1 por cento; en caso de non alcanzarse, poderase optar por unha base de ata 1.870,50 euros mensuais.

O previsto na anterior alínea b) será, así mesmo, de aplicación con respecto aos traballadores autónomos que con 48 ou 49 anos de idade exercesen a opción prevista no parágrafo segundo do punto catro.2 do artigo 132 da Lei 39/2010, do 22 de decembro.

Dous. Facúltase a ministra de Emprego e Seguridade Social para ditar as normas necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do previsto neste artigo.

Artigo 14. Cotizacións a dereitos pasivos e ás mutualidades xerais de funcionarios para o ano 2012.

Un. Con efectos do 1 de xaneiro de 2012, os tipos de cotización e de achega do Estado ao réxime especial de Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, xestionado pola Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE) a que se refire o Real decreto lexislativo 4/2000, do 23 de xuño, para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 12, salvo a indicada na alínea h) da citada disposición, serán os seguintes:

1. A porcentaxe de cotización dos funcionarios en activo e asimilados integrados en MUFACE fíxase no 1,69 % sobre os haberes reguladores establecidos para o ano 2010 para efectos de cotización de dereitos pasivos, calculados sen a actualización prevista no punto dous da disposición adicional oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 e incrementados nun 1,00 por cento.

2. A contía da achega do Estado, regulada no artigo 35 do Real decreto lexislativo 4/2000, representará o 4,81 % dos haberes reguladores establecidos para o ano 2010 para efectos de cotización de dereitos pasivos, calculados sen a actualización prevista no punto dous da disposición adicional oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 e incrementados nun 1,00 por cento. Do devandito tipo de 4,81, o 4,64 corresponde á achega do Estado por activo e o 0,17 á achega por pensionista exento de cotización.

Dous. Os tipos de cotización e de achega do Estado ao réxime especial de Seguridade Social das Forzas Armadas, xestionado polo Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS), a que se refire o Real decreto lexislativo 1/2000, do 9 de xuño, para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 9, salvo a indicada na alínea f) da citada disposición, serán os seguintes:

1. A porcentaxe de cotización e de achega do persoal militar en activo e asimilado integrado en ISFAS fíxase no 1,69 % sobre os haberes reguladores establecidos para o ano 2010 para efectos de cotización de dereitos pasivos, calculados sen a actualización prevista no punto dous da disposición adicional oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 e incrementados nun 1,00 por cento.

2. A contía da achega do Estado, regulada no artigo 30 do Real decreto legislativo 1/2000, representará o 9,96 % dos haberes reguladores establecidos para o ano 2010 para efectos de cotización de dereitos pasivos, calculados sen a actualización prevista no punto dous da disposición adicional oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 e incrementados nun 1,00 por cento. Do dito tipo do 9,96, o 4,64 corresponde á achega do Estado por activo e o 5,32 á achega por pensionista exento de cotización.

Tres. Os tipos de cotización e de achega do Estado ao réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios da Administración de xustiza, xestionado pola Mutualidade Xeral Xudicial (MUXEXU), a que se refire o Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño, para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 12, salvo a indicada na alínea f) da citada disposición, serán os seguintes:

1. A porcentaxe de cotización do persoal da Administración de xustiza en activo e asimilado, integrado en MUXEXU, fíxase no 1,69 % sobre os haberes reguladores establecidos para o ano 2010 para efectos de cotización de dereitos pasivos, calculados sen a actualización prevista no punto dous da disposición adicional oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 e incrementados nun 1,00 por cento.

2. A contía da achega do Estado, regulada no artigo 23 do Real decreto legislativo 3/2000, representará o 4,65 % dos haberes reguladores establecidos para o ano 2010 para efectos de cotización de dereitos pasivos, calculados sen a actualización prevista no punto dous da disposición adicional oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 e incrementados nun 1,00 por cento. Do dito tipo do 4,65, o 4,64 corresponde á achega do Estado por activo e o 0,01 á achega por pensionista exento de cotización.

Catro. Durante o ano 2012, o importe da cota de dereitos pasivos e da correspondente ás mutualidades xerais de funcionarios, respecto do persoal incluído no ámbito de cobertura do réxime de clases pasivas do Estado e dos réximes especiais de funcionarios, determinarase mediante a aplicación do tipo porcentual do 3,86 % e do 1,69 %, respectivamente, sobre os haberes reguladores establecidos para o ano 2010 para efectos de cotización de dereitos pasivos, calculados sen a actualización prevista no punto dous da disposición adicional oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, e incrementados nun 1 por cento, e que se reproducen a continuación:

COTAS MENSUAIS DE DEREITOS PASIVOS DOS FUNCIONARIOS CIVÍS DO ESTADO, DO PERSOAL DAS FORZAS ARMADAS, DOS MEMBROS DAS CARREIRAS XUDICIAL E FISCAL, DOS DO CORPO DE SECRETARIOS XUDICIAIS E DOS CORPOS AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Grupo/Subgrupo Lei 7/2007	Cota mensual en euros
A1	107,96
A2	84,97
B	74,40
C1	65,26
C2	51,63

Grupo/Subgrupo Lei 7/2007	Cota mensual en euros
E (Lei 30/1984) e agrup. profesionais	44,02

COTAS MENSUAIS DE COTIZACIÓN Á MUTUALIDADE XERAL DE FUNCIONARIOS CIVÍS DO ESTADO, AO INSTITUTO SOCIAL DAS FORZAS ARMADAS E Á MUTUALIDADE XERAL XUDICIAL

Grupo/Subgrupo Lei 7/2007	Cota mensual en euros
A1	47,27
A2	37,20
B	32,58
C1	28,57
C2	22,60
E (Lei 30/1984) e agrup. profesionais	19,27

As citadas contías mensuais aboaranse dobremente nos meses de xuño e decembro.

Coa excepción establecida no último inciso do parágrafo primeiro do artigo 23.1 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, e de acordo co disposto nel, o persoal militar profesional que non sexa de carreira e o persoal militar das escalas de complemento e reserva naval aboará as cotas mensuais de dereitos pasivos minoradas ao cincuenta por cento.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira. Pagamento de débedas coa Seguridade Social de institucións sanitarias cuxa titularidade teñan as administracións públicas ou institucións sen ánimo de lucro.

As institucións sanitarias cuxa titularidade teñan as administracións públicas ou institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, acollidas á moratoria prevista na disposición adicional trixésima da Lei 41/1994, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1995, poderán solicitar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a ampliación da carencia concedida a dezoito anos, xunto coa ampliación da moratoria concedida ata un máximo de dez anos con amortizacións anuais.

Segunda. Garantía do Estado para obras de interese cultural.

Un. De acordo co establecido no punto 3 da disposición adicional novena da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, durante o exercicio 2012, o importe total acumulado, en todo momento, dos compromisos outorgados polo Estado respecto de todas as obras ou conxuntos de obras cedidas temporalmente para a súa exhibición en institucións de competencia exclusiva do Ministerio de Cultura e os seus organismos públicos adscritos, así como do Consello de Administración do Patrimonio Nacional, non poderá exceder os 1.848.000 miles de euros.

O límite máximo dos compromisos específicos que se outorguen por primeira vez no ano 2012 para obras ou conxuntos de obras destinadas á súa exhibición nunha mesma exposición será de 231.000 miles de euros. Unha vez devoltas as obras aos cedentes e acreditado polos responsables das exposicións o termo da garantía outorgada sen incidencia ningunha, as cantidades comprometidas deixarán de estalo e poderán ser de novo outorgadas a unha nova exposición.

Excepcionalmente, este límite máximo poderá elevarse por riba dos 231.000 miles de euros por acordo do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, por iniciativa do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte;

nese caso, o importe total acumulado durante o período de vixencia desa exposición non poderá exceder os 2.750.000 miles de euros.

O límite máximo dos compromisos específicos que se outorguen á Fundación Colección Thyssen-Bornemisza respecto das obras destinadas á súa exhibición nas sedes da Fundación situadas en España en relación co «contrato de préstamo de obras de arte entre, dunha parte, a Fundación Colección Thyssen-Bornemisza e, doutra, Omicron Collections Limited, Nautilus Trustees Limited, Coraldale Navigation Incorporated, Imiberia Anstalt, e a Baronesa Carmen Thyssen-Bornemisza», para o ano 2012 será de 540.910 miles de euros.

Dous. No ano 2012 será de aplicación o disposto no punto anterior ás exposicións organizadas pola «Sociedad Estatal de Acción Cultural, S.A.», que se leven a cabo en institucións dependentes da Administración xeral do Estado.

Terceira. *Actividades prioritarias de mecenado.*

Un. De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, durante o ano 2012 consideraranse actividades prioritarias de mecenado as seguintes:

1.^a As levadas a cabo polo Instituto Cervantes para a promoción e a difusión da lingua española e da cultura mediante redes telemáticas, novas tecnoloxías e outros medios audiovisuais.

2.^a A promoción e a difusión das linguas oficiais dos diferentes territorios do Estado español levadas a cabo polas correspondentes institucións das comunidades autónomas con lingua oficial propia.

3.^a A conservación, restauración ou rehabilitación dos bens do patrimonio histórico español que se relacionan no anexo VIII da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2011, así como as actividades e bens que se inclúan, logo de acordo entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, no programa de dixitalización, conservación, catalogación, difusión e explotación dos elementos do patrimonio histórico español «patrimonio.es» a que se refire o artigo 75 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

4.^a Os programas de formación do voluntariado que fosen obxecto de subvención por parte das administracións públicas.

5.^a Os proxectos e actuacións das administracións públicas dedicadas á promoción da sociedade da información e, en particular, aqueles que teñan por obxecto a prestación dos servizos públicos por medio dos servizos informáticos e telemáticos a través da internet.

6.^a A investigación, o desenvolvemento e a innovación nas instalacións científicas que para este efecto se relacionan no anexo XII da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2011.

7.^a A investigación, o desenvolvemento e a innovación nos ámbitos das nanotecnoloxías, a saúde, a xenómica, a proteómica e a enerxía, e en ámbitos de excelencia internacional, realizados polas entidades que para estes efectos sexan recoñecidas polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por proposta do Ministerio de Economía e Competitividade.

8.^a O fomento da difusión, divulgación e comunicación da cultura científica e da innovación, levadas a cabo pola Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía.

9.^a Os programas dirixidos á loita contra a violencia de xénero que fosen obxecto de subvención por parte das administracións públicas ou se realicen en colaboración con estas.

Dous. De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, durante os anos 2011 e 2012 consideraranse actividades prioritarias de mecenado as

doazóns e achegas vinculadas á execución dos proxectos incluídos no Plan Director de Recuperación do Patrimonio Cultural de Lorca.

Tres. As porcentaxes e os límites das deducións establecidas nos artigos 19, 20 e 21 da citada Lei 49/2002 elevaranse en cinco puntos porcentuais en relación coas actividades incluídas no punto anterior.

Cuarta. *Entregas á conta para o financiamento do transporte metropolitano de Madrid e Barcelona.*

Un. Durante o primeiro semestre do exercicio 2012 poderán efectuarse entregas á conta á Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona e ao Consorcio Rexional de Transportes de Madrid, con cargo ás aplicacións orzamentarias 32.01.441M.451 e 32.01.441M.454, cuxa contía mensual será a resultante de dividir por doceavas partes o importe equivalente ao 85 por 100 do crédito orzamentario que figura na Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais para 2011, ata que se proceda á subscrición dos respectivos contratos-programa.

Dous. A Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas comunidades autónomas e coas entidades locais adoptará as medidas oportunas para o cumprimento do sinalado no punto anterior.

Quinta. *Compensacións polos extracustos de xeración dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.*

Un. A porcentaxe correspondente ao exercicio 2011 a que se refire o parágrafo segundo da disposición adicional primeira «Financiamento do extracusto de xeración no réxime insular e extrapeninsular» do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, será do 17%.

Dous. En calquera caso, a contía máxima que pola dita compensación se asumirá con cargo aos orzamentos xerais do Estado do exercicio 2012 será a consignada na partida orzamentaria 20.18.425A.748 «Á Comisión Nacional de Enerxía (CNE) para atender o extracusto de xeración a que se refire a disposición adicional 1.^a do Real decreto lei 6/2009» por importe de 256.400,00 miles de euros.

Sexta. *Asignación de cantidades a fins sociais.*

Un. O Estado destinará a subvencionar actividades de interese social, na forma que regulamentariamente se estableza, o 0,7 por cento da cota íntegra do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2012 correspondente aos contribuíntes que manifesten expresamente a súa vontade en tal sentido.

Para estes efectos, entenderase por cota íntegra do imposto a formada pola suma da cota íntegra estatal e da cota íntegra autonómica ou complementaria nos termos previstos na Lei reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A liquidación definitiva da asignación correspondente ao exercicio de 2012 levarase a cabo antes do 30 de abril de 2014, e efectuarase unha liquidación provisional o 30 de novembro de 2013 que posibilite a iniciación anticipada do procedemento para a concesión das subvencións.

Sétima. *Financiamento á Igrexa católica.*

Durante o ano 2012 o Estado entregará mensualmente á Igrexa católica 13.266.216,12 euros, á conta da cantidade que deba asignar á Igrexa por aplicación do disposto nos puntos un e dous da disposición adicional décimo oitava da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007.

Antes do 30 de novembro de 2013, efectuarase unha liquidación provisional da asignación correspondente a 2012 e practicarase a liquidación definitiva antes do 30 de

abril de 2013. En ambas as liquidacións, unha vez efectuadas, as dúas partes procederán a regularizar, nun sentido ou noutro, o saldo existente.

Oitava. *Bens das institucións eclesiásticas.*

Prorrógase por un ano, a partir da entrada en vigor desta lei, o prazo a que se refire a disposición adicional segunda da Lei 4/2004, do 29 de decembro, de modificación de taxas e de beneficios fiscais de acontecementos de excepcional interese público, en relación coa disposición transitoria primeira da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e a disposición transitoria quinta da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

Novena. *Adiamento da aplicación da disposición adicional trixésima da Lei 27/2011, do 1 de agosto, de actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social.*

Aprázase a aplicación do establecido na disposición adicional trixésima da Lei 27/2011, do 1 de agosto, de actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social.

Décima. *Modificación do réxime de compensación equitativa por copia privada.*

1. Suprímese a compensación equitativa por copia privada, prevista no artigo 25 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, cos límites establecidos no artigo 31.2 da mesma lei.

2. O Goberno establecerá regulamentariamente o procedemento de pagamento aos perceptores da compensación equitativa por copia privada con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

3. A contía da compensación determinarase tomando como base a estimación do prexuízo causado.

Décimo primeira. *Asignación de competencias.*

As competencias do Ministerio de Cultura establecidas no artigo 158 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, serán asumidas pola Secretaría de Estado de Cultura.

Décimo segunda. *Consideración do gravame complementario á cota íntegra estatal para a redución do déficit público nos exercicios 2012 e 2013 establecido na disposición derradeira segunda deste real decreto lei para efectos do cálculo do rendemento cedido do imposto sobre a renda das persoas físicas aos entes territoriais.*

Para efectos do disposto nos artigos 26.2.a) 3.º e 4.º da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, e 113.1.3.º do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, consideraranse pagamentos á conta realizados e soportados polos contribuíntes os que se terían practicado se non resultase de aplicación o gravame complementario á cota íntegra estatal para a redución do déficit público establecido na disposición derradeira segunda deste real decreto lei.

Décimo terceira. *Prórroga do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego.*

Prorrógase, durante seis meses, a aplicación do establecido no artigo 6 do Real decreto lei 10/2011, do 26 de agosto, de medidas urxentes para a promoción do emprego

dos mozos, o fomento da estabilidade no emprego e o mantemento do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego que, pola súa vez, prorrogaba o previsto no artigo 2 do Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas, aos traballadores en situación de desemprego que cumpran as condicións e requisitos establecidos no dito real decreto lei.

Serán beneficiarias da prórroga deste programa as persoas inscritas nas oficinas de emprego como desempregadas por extinción da súa relación laboral que, dentro do período comprendido entre o día 15 de febreiro de 2012 e o día 15 de agosto de 2012, ambos inclusive, esgoten a prestación por desemprego de nivel contributivo e non teñan dereito a calquera dos subsidios por desemprego establecidos na lei, ou ben esgotasen algún destes subsidios, incluídas as súas prórrogas.

Non se poderán acoller a este programa as persoas que percibisen a prestación extraordinaria do programa temporal de protección por desemprego e inserción, nin as persoas que fosen ou poidan ser beneficiarias do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego nos termos establecidos no Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, nin as que esgotasen ou poidan ter dereito á renda activa de inserción, nin as que esgotasen a renda agraria ou o subsidio por desemprego, ambos en favor dos traballadores eventuais do réxime especial agrario da Seguridade Social.

Décimo cuarta. Modificación do Real decreto Lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

Prorrógase para o ano 2012 o punto dous do artigo 14 do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, na redacción dada pola disposición derradeira décimo quinta da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, coas actualizacións das referencias temporais que a continuación se detallan.

Para a determinación do aforro neto e dos ingresos correntes para efectos de calcular o nivel de endebedamento, nos termos do precepto citado no parágrafo anterior e do artigo 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, teranse en conta a liquidación do orzamento do exercicio 2011 e, de ser o caso, as cifras deducidas dos estados contables consolidados, con suxeición a aquela norma e á de estabilidade orzamentaria.

Para efectos do cálculo do capital vivo consideraranse todas as operacións vixentes en 31 de decembro de 2011, incluído o risco deducido de avais e incrementado, de ser o caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada ou proxectadas en 2012.

Décimo quinta. Modificación do Real decreto 1221/2010, do 1 de outubro, dos prezos de retribución da enerxía.

Con carácter excepcional para o ano 2012, a fixación conforme o Real decreto 1221/2010, do 1 de outubro, dos prezos de retribución da enerxía, o volume máximo de produción que pode ser programado no proceso de resolución de restricións por garantía de subministración e as cantidades de carbón autóctono que poderán adquirir os titulares das centrais para cada central determinaranse con carácter trimestral por resolución da Secretaría de Estado de Enerxía.

Décimo sexta. Prórroga do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego.

Prorrógase, por seis meses, a aplicación do establecido no artigo 6 do Real decreto lei 10/2011, do 26 de agosto, de medidas urxentes para a promoción do emprego dos

mozos, o fomento da estabilidade no emprego e o mantemento do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego que, pola súa vez, prorrogaba o previsto no artigo 2 do Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas, aos traballadores en situación de desemprego que cumpran as condicións e requisitos establecidos no dito real decreto lei.

Serán beneficiarias da prórroga deste programa as persoas inscritas nas oficinas de emprego como desempregadas por extinción da súa relación laboral que, dentro do período comprendido entre o día 15 de febreiro de 2012 e o día 15 de agosto de 2012, ambos inclusive, esgoten a prestación por desemprego de nivel contributivo e non teñan dereito a calquera dos subsidios por desemprego establecidos na lei, ou ben esgotasen algún destes subsidios, incluídas as súas prórrogas.

Non se poderán acoller a este programa as persoas que percibisen a prestación extraordinaria do programa temporal de protección por desemprego e inserción, nin as persoas que fosen ou poidan ser beneficiarias do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego nos termos establecidos no Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, nin as que esgotasen ou poidan ter dereito á renda activa de inserción, nin as que esgotasen a renda agraria ou o subsidio por desemprego, ambos en favor dos traballadores eventuais do réxime especial agrario da Seguridade Social.

Décimo sétima. *Actividades formativas nos contratos para a formación e a aprendizaxe.*

Nos contratos para a formación e a aprendizaxe subscritos desde o 31 de agosto de 2011 ata o 30 de setembro de 2011, o prazo máximo para o comezo das actividades formativas establecido no artigo 11.2.d) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, estenderase ata o 31 de xaneiro de 2012.

DISPOSICIÓNS DERROGATORIAS

Primeira. *Derrogación do Real decreto 1472/2007, do 2 de novembro.*

1. Derrógase o Real decreto 1472/2007, do 2 de novembro, polo que se regula a renda básica de emancipación dos mozos.
2. Os beneficiarios que teñan recoñecido o dereito á renda básica de emancipación ao abeiro do disposto no citado real decreto continuarán gozando do dito dereito nas condicións establecidas na norma que se derroga e de acordo cos termos da resolución do seu recoñecemento.

Excepcionalmente, poderán ser beneficiarios do dereito á renda básica de emancipación aqueles que o solicitaron en 31 de decembro de 2011 e sempre que cumpran na dita data os requisitos recollidos na norma que se derroga, e nos termos que se estableza na resolución do seu recoñecemento.

Segunda. *Derrogación normativa.*

Quedan derrogadas cantas disposicións se opoñan ao establecido neste real decreto lei.

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

Primeira. *Modificación da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

Un. Con efectos desde 1 de xaneiro de 2012, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria:

1. Modifícase o artigo 1, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta lei establece os principios e as normas xurídicas xerais do sistema tributario español e será de aplicación a todas as administracións tributarias en virtude e co alcance que deriva do artigo 149.1.1.^a, 8.^a, 14.^a e 18.^a da Constitución.

O establecido nesta lei entenderase sen prexuízo do disposto nas leis que aproban o convenio e o concerto económico en vigor, respectivamente, na Comunidade Foral de Navarra e nos territorios históricos do País Vasco.

2. Esta lei establece, así mesmo, os principios e as normas xurídicas xerais que regulan as actuacións da Administración tributaria por aplicación en España da normativa sobre asistencia mutua entre os Estados membros da Unión Europea ou no marco dos convenios para evitar a dobre imposición ou doutros convenios internacionais.

Para os efectos desta lei, entenderase por asistencia mutua o conxunto de accións de asistencia, colaboración, cooperación e outras de natureza análoga que o Estado español preste, reciba ou desenvolva coa Unión Europea e outras entidades internacionais ou supranacionais, e con outros Estados en virtude da normativa sobre asistencia mutua entre os Estados membros da Unión Europea ou no marco dos convenios para evitar a dobre imposición ou doutros convenios internacionais. A asistencia mutua poderá comprender a realización de actuacións ante obrigados tributarios.

A asistencia mutua a que se refire este punto participa da natureza xurídica das relacións internacionais a que se refire o artigo 149.1.3.^a da Constitución.»

2. Modifícase o punto 3 do artigo 5, que queda redactado da seguinte forma:

«3. As comunidades autónomas e as entidades locais exercerán as competencias relativas á aplicación dos tributos e ao exercicio da potestade sancionadora derivada da dita aplicación, así como á función revisora en vía administrativa dos actos ditados no exercicio daquelas, co alcance e nos termos previstos na normativa que resulte aplicable e o seu sistema de fontes.

Corresponden á Axencia Estatal de Administración Tributaria as competencias en materia de aplicación dos tributos derivadas ou atribuídas pola normativa sobre asistencia mutua.»

3. Introdúcese un novo punto 4 no artigo 17 e renumérase o actual punto 4 como 5, coa seguinte redacción:

«4. No marco da asistencia mutua poderanse establecer obrigacións tributarias aos obrigados tributarios, calquera que sexa o seu obxecto, de acordo co establecido no artigo 29 bis desta lei.»

4. Introdúcese unha nova alínea e) no punto 2 do artigo 26, reordenándose a actual alínea e) como f), coa seguinte redacción:

«e) Cando se reciba unha petición de cobramento de débedas de titularidade doutros Estados ou de entidades internacionais ou supranacionais conforme a normativa sobre asistencia mutua, salvo que a dita normativa estableza outra cousa.»

5. Introdúcese un novo punto 6 no artigo 28, coa seguinte redacción:

«6. Non se devengarán as recargas do período executivo no caso de débedas de titularidade doutros Estados ou de entidades internacionais ou supranacionais cuxa actuación recadatoria se realice no marco da asistencia mutua, salvo que a normativa sobre a dita asistencia estableza outra cousa.»

6. Introdúcese unha nova subsección 6.^a dentro do título II, capítulo I, sección 2.^a, composta polo novo artigo 29 bis, coa seguinte redacción:

«Subsección 6.^a Obrigacións tributarias no marco da asistencia mutua.

Artigo 29 bis. *Obligacións tributarias no marco da asistencia mutua.*

Son obrigacións tributarias aquelas que deriven da normativa sobre asistencia mutua. No caso do seu incumprimento polos obrigados tributarios, poderanse impor as sancións tributarias establecidas na lei.»

7. Introdúcese un novo punto 6 no artigo 35, renumerándose o actual punto 6 como 7, coa seguinte redacción:

«6. Tamén terán a consideración de obrigados tributarios aqueles aos cales se poida impor obrigacións tributarias conforme a normativa sobre asistencia mutua.»

8. Introdúcese un novo punto 6 no artigo 62, renumerándose os actuais puntos 6 e seguintes, coa seguinte redacción:

«6. O pagamento das débedas de titularidade doutros Estados ou entidades internacionais ou supranacionais cuxa actuación recadatoria se realice no marco da asistencia mutua será requirido ao obrigado tributario, que deberá efectualo nos seguintes prazos:

a) Se a notificación do instrumento de execución se realiza entre os días un e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do dito mes ou, se este non for hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación do instrumento de execución se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día cinco do mes seguinte ou, se este non for hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Non obstante o anterior, cando a norma reguladora da asistencia mutua o permita, a Administración tributaria poderá desenvolver actuacións recadatorias desde a recepción da solicitude de cobramento do Estado ou entidade internacional ou supranacional requirente, sen necesidade de que concluíse o prazo a que se refire este punto.»

9. Introdúcese un novo punto 6 no artigo 65, coa seguinte redacción:

«6. O establecido nos puntos anteriores será tamén de aplicación aos créditos de titularidade doutros Estados ou entidades internacionais ou supranacionais respecto dos cales se recibiu unha petición de cobramento, salvo que a normativa sobre asistencia mutua estableza outra cousa.»

10. Introdúcese un novo punto 5 no artigo 68 e renuméranse os actuais puntos 5 e seguintes, coa seguinte redacción:

«5. As actuacións a que se refiren os puntos anteriores e as de natureza análoga producirán os efectos interruptivos da prescrición cando se realicen noutro Estado no marco da asistencia mutua, mesmo cando os ditos actos non produzan efectos interruptivos semellantes no Estado en que materialmente se realicen.»

11. Introdúcese un novo artigo 80 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 80 bis. *Prelación e garantías de créditos de titularidade doutros Estados.*

Os créditos de titularidade doutros Estados ou entidades internacionais ou supranacionais non gozarán de prelación ningunha cando concorran con outros créditos de dereito público, nin do resto das garantías establecidas nos artigos

anteriores desta sección, salvo que a normativa sobre asistencia mutua estableza outra cousa.»

12. Modifícase o punto 1 e introdúcese un novo punto 2 no artigo 81, renumerándose os actuais puntos 2 e seguintes, coa seguinte redacción:

«1. Para asegurar o cobramento das débedas para cuxa recadación sexa competente, a Administración tributaria poderá adoptar medidas cautelares de carácter provisional cando existan indicios racionais de que, noutro caso, o dito cobramento se vería frustrado ou gravemente dificultado.

A medida cautelar deberá serlle notificada ao afectado con expresa mención dos motivos que xustifican a súa aplicación.

2. Cando se solicite á Administración tributaria a adopción de medidas cautelares no marco da asistencia mutua, o documento procedente do Estado ou entidade internacional ou supranacional que as solicite que permita a adopción de medidas cautelares non estará suxeito a ningún acto de recoñecemento, adición ou substitución por parte da Administración tributaria española.»

13. Modifícase o punto 1 do artigo 83, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A aplicación dos tributos comprende todas as actividades administrativas dirixidas á información e asistencia aos obrigados tributarios e á xestión, inspección e recadación, así como ás actuacións dos obrigados no exercicio dos seus dereitos ou en cumprimento das súas obrigacións tributarias.

Tamén se considera aplicación dos tributos o exercicio das actividades administrativas e das actuacións dos obrigados a que se refire o parágrafo anterior, que se realicen no marco da asistencia mutua.»

14. Introdúcese un novo punto 5 no artigo 95, coa seguinte redacción:

«5. A cesión de información no ámbito da asistencia mutua rexerese polo disposto no artigo 177 ter desta lei.»

15. Introdúcese un novo punto 2 no artigo 106, e renuméranse os actuais puntos 2 e seguintes coa seguinte redacción:

«2. As probas ou informacións subministradas por outros Estados ou entidades internacionais ou supranacionais no marco da asistencia mutua poderanse incorporar, co valor probatorio que proceda conforme o punto anterior, ao procedemento que corresponda.»

16. Introdúcese un novo capítulo VI no título III, coa seguinte redacción:

«CAPÍTULO VI.

Asistencia mutua.

Sección 1.^a Introducción.

Artigo 177 bis. *Actuacións de asistencia mutua.*

1. A Administración tributaria poderá requirir e prestará asistencia mutua tendente ao intercambio de información, á recadación de créditos ou a outros fins previstos na normativa reguladora da dita asistencia.

2. De conformidade co establecido no artigo 83.1, segundo parágrafo, desta lei, considérase aplicación dos tributos o exercicio das actividades e actuacións a que se refire ese punto realizadas no ámbito da normativa sobre asistencia mutua.

3. Ás actuacións que a Administración tributaria realice como consecuencia de solicitudes de asistencia recibidas seralles de aplicación o establecido nos capítulos anteriores deste título, coas especialidades contidas neste capítulo.

4. A asistencia que a Administración tributaria preste a outros Estados ou a entidades internacionais ou supranacionais en virtude da normativa sobre asistencia mutua estará sometida ás limitacións establecidas nesta última.

Sección 2.^a Normas comúns.

Artigo 177 ter. Intercambio de información.

1. A Administración tributaria poderá facilitar a outros Estados ou a entidades internacionais ou supranacionais os datos, informes ou antecedentes obtidos no desempeño das súas funcións, sempre que a cesión teña por obxecto a aplicación de tributos de titularidade doutros Estados ou de entidades internacionais ou supranacionais, nos termos e cos límites establecidos na normativa sobre asistencia mutua, sen prexuízo de que o Estado ou a entidade receptora da información poida utilizala para outros fins cando así se estableza na dita normativa.

Co fin de proporcionar a citada información, a Administración tributaria realizará as actuacións que se precisen para obtela, mesmo cando a información solicitada non sexa precisa para a determinación dos seus tributos internos. Para ese efecto, a Administración poderá utilizar calquera dos mecanismos de obtención de información regulados nesta lei.

A Administración tributaria poderase opor ou deberá autorizar expresamente, nos termos establecidos na normativa sobre asistencia mutua, que a información facilitada conforme o punto anterior sexa transmitida a un terceiro Estado ou entidade internacional ou supranacional.

2. A información subministrada á Administración tributaria por outros Estados ou por entidades internacionais ou supranacionais en virtude de normas sobre asistencia mutua terá carácter reservado nos termos sinalados no artigo 95.1 desta lei, salvo que a normativa sobre asistencia estableza outra cousa.

No entanto, a cesión a terceiros establecida nos distintos parágrafos do artigo 95.1 desta lei será posible só se a normativa do Estado ou entidade que facilitou a información permite a súa utilización para fins similares, salvo que a normativa sobre asistencia estableza outra cousa.

O procedemento de cesión desta información a terceiros desenvolverase regulamentariamente.

De ser o caso, a información a que se refire este punto poderá ser remitida a outros Estados ou a outras entidades internacionais ou supranacionais se así o permite a normativa sobre asistencia mutua, e nas condicións establecidas nela.

Artigo 177 quáter. Controis simultáneos.

1. Son controis simultáneos as actuacións realizadas de acordo con outro ou outros Estados co obxecto de intercambiar a información obtida en relación con persoas ou entidades que sexan de interese común ou complementario para os Estados intervinientes.

2. A Administración tributaria poderá participar, xunto coas autoridades competentes doutros Estados, en controis simultáneos, nos termos establecidos na normativa sobre asistencia mutua.

Aos intercambios de información que sexan necesarios para os controis simultáneos seralles de aplicación o disposto no artigo anterior.

Artigo 177 quinquies. *Presenza nas actuacións de asistencia e en controis simultáneos.*

1. No desenvolvemento das actuacións de asistencia a outros Estados poderán estar presentes funcionarios designados polo Estado requirente, logo de autorización da autoridade competente española ou co acordo previo entre os Estados.

2. Así mesmo, os funcionarios designados pola autoridade competente española poderán desprazarse a outros Estados no marco de peticións de asistencia efectuadas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, ou como consecuencia de controis simultáneos.

Artigo 177 sexies. *Asistencia na notificación.*

1. No marco da asistencia mutua, os actos administrativos ditados en España pola Administración tributaria poderán ser notificados no territorio doutro Estado mediante a asistencia da autoridade competente dese Estado.

Tales notificacións producirán os mesmos efectos que se se realizaron conforme a normativa española, sen máis requisito que a comunicación recibida da autoridade requirida de que se efectuou a notificación solicitada.

Nos casos en que se solicitase asistencia a outro Estado, se no prazo de dous meses desde o envío da solicitude de notificación non se puido realizar a notificación no estranxeiro ou a Administración tributaria non recibiu resposta da autoridade requirida respecto da data de notificación do documento ao destinatario, a Administración poderá proceder á notificación por comparecencia regulada no artigo 112 desta lei.

Se nestes supostos se producise unha dobre notificación do acto, considerarase como data de notificación a correspondente á efectuada en primeiro lugar.

2. Cando, no marco da asistencia mutua, a Administración tributaria reciba unha petición de notificación de documentos por parte da autoridade competente doutro Estado ou de entidades internacionais ou supranacionais, será aplicable o réxime de notificación regulado na sección 3.^a do capítulo II deste título.

A notificación poderá efectuarse, de ser o caso, ademais de nos lugares establecidos no artigo 110 desta lei, no lugar que para estes efectos sinala a autoridade estranxeira.

Nos supostos en que non sexa posible a notificación ao interesado por causas non imputables á Administración tributaria e tentada, ben no domicilio fiscal ou ben no lugar sinalado para estes efectos pola autoridade estranxeira, será de aplicación o disposto no artigo 112 desta lei.

Os documentos obxecto de notificación serán remitidos ao destinatario na lingua en que sexan recibidos pola Administración tributaria, salvo que a normativa sobre asistencia mutua estableza outra cousa.

Artigo 177 septies. *Medios de comunicación.*

As comunicacións que a Administración tributaria estableza con outros Estados ou con entidades internacionais ou supranacionais en virtude da normativa sobre asistencia mutua levaranse a cabo a través dos medios establecidos na normativa que regule a asistencia en cada caso.

En defecto de regulación específica, para as comunicacións utilizaranse preferentemente medios electrónicos, informáticos e telemáticos, nos termos establecidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Sección 3.ª Asistencia na recadación.

Artigo 177 octies. *Procedemento de recadación no ámbito da asistencia mutua.*

A recadación de débedas no ámbito da asistencia mutua realizarase mediante o pagamento ou cumprimento do obrigado tributario nos termos previstos nos artigos 62.6 e 65.6 desta lei, así como, de ser o caso, a través da aplicación das normas da sección 2.ª do capítulo V do título III desta lei, sen prexuízo das especialidades contidas no presente capítulo.

Artigo 177 nonies. *Instrumento de execución.*

1. Terá a consideración de instrumento de execución aquel que, en virtude das normas de asistencia mutua, habilite para o exercicio das actuacións recadatorias a que se refire o capítulo V do título III desta lei.

2. O instrumento de execución asimílase á providencia de constrinximento. En particular, será considerado título suficiente para iniciar o procedemento de recadación e terá a mesma forza executiva que a providencia de constrinximento á cal se refire o artigo 167.2 desta lei para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados ao pagamento.

3. Cando o instrumento de execución vaia acompañado doutros documentos referentes a el e expedidos polo Estado ou entidade internacional ou supranacional requirente, os ditos documentos serán remitidos ao destinatario na lingua en que sexan recibidos pola Administración tributaria, salvo que a normativa sobre asistencia mutua estableza outra cousa.

4. En ningún caso, nin o instrumento de execución nin os documentos que acompañen e se refiran a el, que fosen recibidos conforme a normativa de asistencia mutua, estarán suxeitos a ningún acto de recoñecemento, adición ou substitución por parte da Administración tributaria española, salvo que a dita normativa estableza outra cousa.

Artigo 177 decies. *Motivos de oposición contra os instrumentos de execución.*

Contra o instrumento de execución ditado ao abeiro das normas de asistencia mutua non serán admisibles os motivos de oposición a que se refire o artigo 167.3 desta lei, e será de aplicación o establecido no artigo 177 duodecies.1 desta lei.

Artigo 177 undecies. *Motivos de oposición contra as dilixencias de embargo e contra o resto de actuacións derivadas dunha solicitude de cobramento recibida no ámbito da asistencia mutua.*

1. Contra as dilixencias de embargo ditadas ao abeiro da asistencia mutua só serán admisibles como motivos de oposición aqueles a que se refire o artigo 170.3 desta lei.

No caso de que o motivo de oposición se fundamente en medios de proba obtidos en actuacións ante instancias administrativas ou xudiciais doutro Estado ou entidade internacional ou supranacional, deberá ser solicitada polo órgano competente a debida acreditación deles. A información remitida para estes efectos terá o valor probatorio que proceda en dereito de acordo co disposto no artigo 106.2 desta lei.

2. Contra o resto das actuacións da Administración tributaria española derivadas dunha solicitude de cobramento recibida no marco da asistencia mutua poderanse opor os motivos que deriven desta lei e da súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 177 duodecies. *Competencia para a revisión das actuacións recadatorias.*

1. A revisión do instrumento de execución a que se refire o artigo 177 nonies desta lei levaraa a cabo o Estado ou a entidade internacional ou supranacional requirente da asistencia mutua, salvo que as súas normas reguladoras establezan outra cousa.

2. A revisión das dilixencias de embargo e demais actuacións da Administración tributaria derivadas dunha solicitude de cobramento recibida levaranas a cabo os órganos revisores establecidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 177 terdecies. *Suspensión do procedemento de recadación.*

1. Acordarase a suspensión de oficio do procedemento de recadación instado ao abeiro das normas de asistencia mutua pola comunicación da existencia dun litixio polo Estado ou entidade internacional ou supranacional requirente que poida afectar o crédito respecto do cal se solicitase asistencia. A dita suspensión tamén terá lugar cando o interesado no procedemento comunique e acredite fidedignamente a súa existencia.

Non obstante o anterior, a dita suspensión non se acordará ou quedará sen efecto cando o dito Estado ou entidade internacional ou supranacional manifeste a súa vontade a favor da execución.

2. Cando o litixio se refira só a unha parte da solicitude de asistencia, a suspensión referida no punto anterior entenderase producida só respecto da parte afectada pola impugnación e poderase continuar coa execución da parte non afectada.

3. Salvo que a normativa sobre asistencia mutua estableza outra cousa, tamén se suspenderá o procedemento de recadación cando algún dos Estados ou entidades internacionais ou supranacionais intervinientes na dita asistencia iniciasen un procedemento amigable e o resultado do dito procedemento poida afectar o crédito respecto do cal se solicitase asistencia. A suspensión producirá efectos ata que conclúa o dito procedemento, salvo que, entre outros supostos, existan indicios racionais de que o dito cobramento se verá frustrado ou gravemente dificultado, caso en que se continuará a execución. Non obstante o anterior, poderanse adoptar as medidas cautelares para garantir o cobramento do crédito conforme o disposto no artigo 81.2 desta lei.

Artigo 177 quaterdecies. *Terminación dos procedementos de recadación tramitados ao abeiro das normas de asistencia mutua.*

Os procedementos de recadación tramitados ao abeiro da asistencia mutua poderán terminar, ademais de polas causas do artigo 173 desta lei, pola modificación ou retirada da petición de cobramento orixinal efectuada polo Estado ou entidade internacional ou supranacional requirente da dita asistencia.»

17. Introdúcese unha nova alínea g) no punto 1 do artigo 181, coa seguinte redacción:

«g) Os obrigados tributarios conforme a normativa sobre asistencia mutua.»

18. Introdúcese un novo punto 6 no artigo 203, renumerándose o actual punto 6 como 7, coa seguinte redacción:

«6. O disposto nos puntos anteriores será de aplicación cando a resistencia, obstrución, escusa ou negativa se refira a actuacións en España de funcionarios estranxeiros realizadas no marco da asistencia mutua.»

19. Introdúcese unha nova disposición adicional décimo sétima, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo sétima. *Natureza xurídica dos créditos xestionados no ámbito da asistencia mutua.*

1. Para efectos da asistencia mutua a que se refire o artigo 1.2 desta lei e sen prexuízo do disposto no artigo 80 bis desta lei, terán a consideración de dereitos da facenda pública de natureza pública todo crédito doutro Estado ou entidade supranacional ou internacional respecto do cal se exerzan as accións de asistencia, colaboración, cooperación e outras de natureza análoga que preste o Estado español en exercicio da dita asistencia mutua.

2. Para os efectos do exercicio das ditas accións de asistencia mutua, tales dereitos conservarán a súa natureza xurídica orixinaria conforme a normativa española e seralles de aplicación o réxime xurídico regulado na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e nesta lei.»

Dous. As remisións efectuadas na normativa aos distintos artigos e as súas epígrafes obxecto de reenumeración segundo as modificacións introducidas a través do punto un anterior deberán entenderse modificadas no mesmo sentido desde a entrada en vigor desta disposición derradeira.

Segunda. *Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.*

Primeiro. Engádesse unha disposición adicional trixésimo quinta na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional trixésimo quinta. *Gravame complementario á cota íntegra estatal para a redución do déficit público nos exercicios 2012 e 2013.*

1. Nos períodos impositivos 2012 e 2013, a cota íntegra estatal a que se refire o artigo 62 desta lei incrementarase nos seguintes importes:

a) O resultante de lle aplicar á base liquidable xeral os tipos da seguinte escala:

Base liquidable xeral – Ata euros	Incremento en cota íntegra estatal – Euros	Resto base liquidable xeral – Ata euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0	0	17.707,20	0,75
17.707,20	132,80	15.300,00	2
33.007,20	438,80	20.400,00	3
53.407,20	1.050,80	66.593,00	4
120.000,20	3.714,52	55.000,00	5
175.000,20	6.464,52	125.000,00	6
300.000,20	13.964,52	En diante	7

A contía resultante minorarase no importe derivado de lle aplicar á parte da base liquidable xeral correspondente ao mínimo persoal e familiar a que se refire o artigo 56 desta lei a escala prevista nesta alínea a).

Cando o contribuínte satisfaga anualidades por alimentos aos seus fillos por decisión xudicial e o importe daquelas sexa inferior á base liquidable xeral, aplicará

a escala prevista nesta alínea a) separadamente ao importe das anualidades por alimentos e ao resto da base liquidable xeral. A contía total resultante minorarase no importe derivado de lle aplicar a escala prevista nesta alínea a) á parte da base liquidable xeral correspondente ao mínimo persoal e familiar incrementado en 1.600 euros anuais, sen que o resultado desta minoración poida resultar negativo.

b) O resultante de lle aplicar á base liquidable do aforro, na parte que non corresponda, de ser o caso, co mínimo persoal e familiar a que se refire o artigo 56 desta lei os tipos da seguinte escala:

Base liquidable do aforro – Ata euros	Incremento en cota íntegra estatal – Euros	Resto base liquidable do aforro – Ata euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0	0	6.000	2
6.000,00	120	18.000	4
24.000,00	840	En diante	6

2. Nos períodos impositivos 2012 e 2013, a cota de retención a que se refiren os puntos 1 e 2 do artigo 85 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas incrementarase no importe resultante de lle aplicar á base para calcular o tipo de retención os tipos previstos na seguinte escala:

Base para calcular o tipo de retención – Ata euros	Cota de retención – Euros	Resto base para calcular o tipo de retención – Ata euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0	0	17.707,20	0,75
17.707,20	132,80	15.300,00	2
33.007,20	438,80	20.400,00	3
53.407,20	1.050,80	66.593,00	4
120.000,20	3.714,52	55.000,00	5
175.000,20	6.464,52	125.000,00	6
300.000,20	13.964,52	En diante	7

A contía resultante minorarase no importe derivado de lle aplicar ao importe do mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención a que se refire o artigo 84 do Regulamento do imposto a escala prevista neste punto, sen que o resultado desta minoración poida resultar negativo.

Cando o perceptor de rendementos do traballo satisfaga anualidades por alimentos en favor dos fillos por decisión xudicial, sempre que o seu importe sexa inferior á base para calcular o tipo de retención, aplicarase a escala prevista neste punto separadamente ao importe das ditas anualidades e ao resto da base para calcular o tipo de retención. A contía total resultante minorarase no importe derivado de aplicar a escala prevista neste punto ao importe do mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención incrementado en 1.600 euros anuais, sen que o resultado desta minoración poida resultar negativo.

En ningún caso, cando se produzan regularizacións nos citados períodos impositivos, o novo tipo de retención aplicable poderá ser superior ao 52 por cento. A citada porcentaxe será o 26 por cento cando a totalidade dos rendementos do traballo se obtivesen en Ceuta e Melilla e se beneficien da dedución prevista no artigo 68.4 desta lei.

Regulamentariamente poderán modificarse as contías e porcentaxes previstas neste punto.

3. As retencións e ingresos á conta que se practicarán sobre os rendementos do traballo que se satisfagan ou aboem durante o mes de xaneiro de 2012, correspondentes ao dito mes, e aos que resulte de aplicación o procedemento

xeral de retención a que se refiren os artigos 80.1.1.º e 82 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, deberán realizarse sen tomar en consideración o disposto no punto 2 anterior.

Nos rendementos que se satisfagan ou aboen a partir do 1 de febreiro de 2012, sempre que non se trate de rendementos correspondentes ao mes de xaneiro, o pagador deberá calcular o tipo de retención tomando en consideración o disposto no punto 2 anterior; a súa regularización practicarase, se procede, de acordo co sinalado no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, nos primeiros rendementos do traballo que se satisfagan ou aboen.

4. Nos períodos impositivos 2012 e 2013, as porcentaxes de pagamentos á conta do 19 por cento previstos no artigo 101 desta lei e a porcentaxe do ingreso á conta a que se refire o artigo 92.8 desta lei elévanse ao 21 por cento.

Así mesmo, durante os períodos a que se refire o parágrafo anterior, a porcentaxe de retención do 35 por cento prevista no punto 2 do artigo 101 desta lei elévase ao 42 por cento.»

Segundo.

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2011, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 68, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Dedución por investimento en vivenda habitual.

1.º Os contribuíntes poderán deducir o 7,5 por cento das cantidades satisfeitas no período de que se trate pola adquisición ou rehabilitación da vivenda que constituía ou vaia constituír a residencia habitual do contribuínte. Para estes efectos, a rehabilitación deberá cumprir as condicións que se establezan regulamentariamente.

A base máxima desta dedución será de 9.040 euros anuais e estará constituída polas cantidades satisfeitas para a adquisición ou rehabilitación da vivenda, incluídos os gastos orixinados que fosen por conta do adquirente e, no caso de financiamento alleo, a amortización, os xuros, o custo dos instrumentos de cobertura do risco de tipo de xuro variable dos préstamos hipotecarios regulados no artigo décimo noveno da Lei 36/2003, do 11 de novembro, de medidas de reforma económica, e demais gastos derivados dela. En caso de aplicación dos citados instrumentos de cobertura, os xuros satisfeitos polo contribuínte minoraranse nas cantidades obtidas pola aplicación do citado instrumento.

Tamén se poderá aplicar esta dedución polas cantidades que se depositen en entidades de crédito, en contas que cumpran os requisitos de formalización e disposición que se establezan regulamentariamente, e sempre que se destinen á primeira adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual, co límite, conxuntamente co previsto no parágrafo anterior, de 9.040 euros anuais. Nos supostos de nulidade matrimonial, divorcio ou separación xudicial, o contribuínte poderá seguir practicando esta dedución, nos termos que regulamentariamente se establezan, polas cantidades satisfeitas no período impositivo para a adquisición da que foi durante a vixencia do matrimonio a súa vivenda habitual, sempre que continúe tendo esta condición para os fillos comúns e o proxenitor en cuxa compañía queden.

2.º Cando se adquira unha vivenda habitual tendo gozado da dedución por adquisición doutras vivendas habituais anteriores, non se poderá practicar dedución pola adquisición ou rehabilitación da nova mentres as cantidades investidas nela non superen as investidas nas anteriores, na medida en que fosen obxecto de dedución.

Cando o alleamento dunha vivenda habitual xerese unha ganancia patrimonial exenta por reinvestimento, a base de dedución pola adquisición ou rehabilitación da nova minorarase no importe da ganancia patrimonial á cal se aplique a exención por reinvestimento. Neste caso, non se poderá practicar dedución pola adquisición da nova mentres as cantidades investidas nela non superen tanto o prezo da anterior, na medida en que fose obxecto de dedución, como a ganancia patrimonial exenta por reinvestimento.

3.º Entenderase por vivenda habitual aquela en que o contribuínte resida durante un prazo continuado de tres anos. No entanto, entenderase que a vivenda tivo aquel carácter cando, malia non ter transcorrido este prazo, se produza o falecemento do contribuínte ou concorran circunstancias que necesariamente exixan o cambio de vivenda, tales como separación matrimonial, traslado laboral, obtención de primeiro emprego ou de emprego máis vantaxoso ou outras análogas.

4.º Tamén poderán aplicar a dedución por investimento en vivenda habitual os contribuíntes que efectúen obras e instalacións de adecuación nela, incluídos os elementos comúns do edificio e os que sirvan de paso necesario entre o predio e a vía pública, coas seguintes especialidades:

a) As obras e instalacións de adecuación deberán ser certificadas pola Administración competente como necesarias para a accesibilidade e comunicación sensorial que facilite o desenvolvemento digno e adecuado das persoas con discapacidade, nos termos que se establezan regulamentariamente.

b) Darán dereito a dedución as obras e instalacións de adecuación que se deban efectuar na vivenda habitual do contribuínte, por razón da discapacidade do propio contribuínte ou do seu cónxuxe ou un parente, en liña directa ou colateral, consanguínea ou por afinidade, ata o terceiro grao inclusive, que conviva con el.

c) A vivenda debe estar ocupada por calquera das persoas a que se refire o parágrafo anterior a título de propietario, arrendatario, subarrendatario ou usufrutuario.

d) A base máxima desta dedución, independentemente da fixada no número 1.º anterior, será de 12.080 euros anuais.

e) A porcentaxe de dedución será o 10 por cento.

f) Entenderase como circunstancia que necesariamente exige o cambio de vivenda cando a anterior resulte inadecuada por mor da discapacidade.

g) Tratándose de obras de modificación dos elementos comúns do edificio que sirvan de paso necesario entre o predio urbano e a vía pública, así como as necesarias para a aplicación de dispositivos electrónicos que sirvan para superar barreiras de comunicación sensorial ou de promoción da súa seguridade, poderán aplicar esta dedución, ademais do contribuínte a que se refire a alínea b) anterior, os contribuíntes que sexan copropietarios do inmovible en que se atope a vivenda.»

Dous. Engádesse unha disposición adicional vixésimo terceira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional vixésimo terceira. *Consideración da dedución por investimento en vivenda no cálculo dos pagamentos á conta.*

1. Para efectos do disposto nos artigos 86.1, 88.1 e 110.3 d) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, a contía determinante para a toma en consideración da dedución por vivenda no cálculo dos ditos pagamentos á conta será de 33.007,20 euros.

Reglamentariamente poderá modificarse esta contía.

2. Non obstante o disposto no punto 1 anterior, as retencións e ingresos á conta que se practicarán sobre os rendementos do traballo que se satisfagan ou aboan durante o mes de xaneiro de 2012, correspondentes a ese mes, e aos cales resulte de aplicación o procedemento xeral de retención a que se refiren os artigos 80.1.1º e 82 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas,

deberán realizarse de acordo coas contías previstas na normativa vixente en 31 de decembro de 2011.

Nos rendementos que se satisfagan ou aboem a partir do 1 de febreiro de 2012, sempre que non se trate de rendementos correspondentes ao mes de xaneiro, o pagador deberá calcular o tipo de retención aplicable de acordo coa contía establecida no punto 1 desta disposición adicional.»

Tres. Suprímese a disposición transitoria décimo oitava.

Terceiro.

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2012, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. O punto 1 da disposición adicional vixésimo quinta queda redactado da seguinte forma:

«1. Os gastos e investimentos efectuados durante os anos 2007, 2008, 2009, 2010, 2011 e 2012 para habitar os empregados na utilización das novas tecnoloxías da comunicación e da información, cando a súa utilización só se poida realizar fóra do lugar e horario de traballo, terá o seguinte tratamento fiscal:

a) Imposto sobre a renda das persoas físicas: os ditos gastos e investimentos terán a consideración de gastos de formación nos termos previstos no artigo 42.2.b desta lei.

b) Imposto sobre sociedades: os ditos gastos e investimentos darán dereito á aplicación da dedución prevista no artigo 40 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004.»

Dous. A disposición adicional vixésimo sétima queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional vixésimo sétima. *Redución do rendimento neto das actividades económicas por mantemento ou creación de emprego.*

1. En cada un dos períodos impositivos 2009, 2010, 2011 e 2012, os contribuíntes que exerzan actividades económicas cuxo importe neto da cifra de negocios para o conxunto delas sexa inferior a 5 millóns de euros e teñan un cadro de persoal medio inferior a 25 empregados, poderán reducir nun 20 por 100 o rendimento neto positivo declarado, minorado de ser o caso polas reducións previstas no artigo 32 desta lei, correspondente a elas, cando manteñan ou creen emprego.

Para estes efectos, entenderase que o contribuínte mantén ou crea emprego cando en cada un dos citados períodos impositivos o cadro de persoal medio utilizado no conxunto das súas actividades económicas non sexa inferior á unidade e ao cadro de persoal medio do período impositivo 2008.

O importe da redución así calculada non poderá ser superior ao 50 por cento do importe das retribucións satisfeitas no exercicio ao conxunto dos seus traballadores.

A redución aplicarase de forma independente en cada un dos períodos impositivos en que se cumpran os requisitos.

2. Para o cálculo do cadro de persoal medio utilizado a que se refire o punto 1 anterior tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa e a duración da dita relación laboral respecto do número total de días do período impositivo.

No entanto, cando o contribuínte non viñese desenvolvendo ningunha actividade económica con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2008 e inicie o seu exercicio no período impositivo 2008, o cadro de persoal medio correspondente a este calcularase tomando en consideración o tempo transcorrido desde o inicio dela.

Cando o contribuínte non viñese desenvolvendo ningunha actividade económica con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2009 e inicie o seu exercicio con posterioridade á dita data, o cadro de persoal medio correspondente ao período impositivo 2008 será cero.

3. Para efectos de determinar o importe neto da cifra de negocios terase en consideración o establecido no punto 3 do artigo 108 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

Cando en calquera dos períodos impositivos a duración da actividade económica fose inferior ao ano, o importe neto da cifra de negocios elevarase ao ano.

4. Cando o contribuínte non viñese desenvolvendo ningunha actividade económica con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2009 e inicie o seu exercicio en 2009, 2010, 2011 ou 2012, e o cadro de persoal medio correspondente ao período impositivo en que se inicie esta sexa superior a cero e inferior á unidade, a redución establecida no punto 1 desta disposición adicional aplicarase no período impositivo de inicio da actividade coa condición de que no período impositivo seguinte o cadro de persoal medio non sexa inferior á unidade.

O incumprimento do requisito a que se refire o parágrafo anterior motivará a non aplicación da redución no período impositivo de inicio da súa actividade económica. Ademais, deberá presentar unha autoliquidación complementaria, cos correspondentes xuros de demora, no prazo que medie entre a data en que se incumpra o requisito e a finalización do prazo regulamentario de declaración correspondente ao período impositivo en que se produza o dito incumprimento.»

Tres. A disposición transitoria vixésima queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria vixésima. *Gastos e investimento para habituar os empregados na utilización das novas tecnoloxías da comunicación e da información.*

Sen prexuízo do establecido na disposición derogatoria segunda desta lei, o artigo 40 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, prorrogará a súa vixencia durante os anos 2011 e 2012 para os gastos e investimentos para habituar os empregados na utilización das novas tecnoloxías da comunicación e da información.»

Terceira. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.*

Primeiro. Engádesse unha disposición adicional décimo cuarta no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Porcentaxes de retención ou ingreso á conta nos exercicios 2012 e 2013.*

Desde o 1 de xaneiro de 2012 e ata o 31 de decembro de 2013, ambos inclusive, a porcentaxe de retención ou ingreso á conta do 19 por cento a que se refire a alínea a) do punto 6 do artigo 140 desta lei elévase ao 21 por 100.»

Segundo. Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2012, modifícase a disposición adicional décimo segunda do texto refundido da Lei do

imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo segunda. *Tipo de gravame reducido no imposto sobre sociedades por mantemento ou creación de emprego.*

1. Nos períodos impositivos iniciados dentro dos anos 2009, 2010, 2011 e 2012, as entidades cuxo importe neto da cifra de negocios habida nos ditos períodos sexa inferior a 5 millóns de euros e o cadro de persoal medio neles sexa inferior a 25 empregados, tributarán conforme a seguinte escala, agás se, de acordo co previsto no artigo 28 desta lei, deben tributar a un tipo diferente do xeral:

a) Pola parte de base imponible comprendida entre 0 e 120.202,41 euros, ao tipo do 20 por cento.

Nos períodos impositivos iniciados dentro dos anos 2011 e 2012, ese tipo aplicarase sobre a parte de base imponible comprendida entre 0 e 300.000 euros.

b) Pola parte de base imponible restante, ao tipo do 25 por cento.

Cando o período impositivo teña unha duración inferior ao ano, aplicarase o establecido no último parágrafo do artigo 114 desta lei.

2. A aplicación da escala a que se refire o punto anterior está condicionada a que durante os doce meses seguintes ao comezo de cada un deses períodos impositivos o cadro de persoal medio da entidade non sexa inferior á unidade e, ademais, tampouco sexa inferior ao cadro de persoal medio dos doce meses anteriores ao comezo do primeiro período impositivo que comece a partir do 1 de xaneiro de 2009.

Cando a entidade se constituíse dentro dese prazo anterior de doce meses, tomarase o cadro de persoal medio que resulte dese período.

Os requisitos para a aplicación da escala computaranse de forma independente en cada un deses períodos impositivos.

En caso de incumprimento da condición establecida neste punto, procederá realizar a regularización na forma establecida no punto 5 desta disposición adicional.

3. Para o cálculo do cadro de persoal medio da entidade tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.

Computarase que o cadro de persoal medio dos doce meses anteriores ao comezo do primeiro período impositivo que comece a partir do 1 de xaneiro de 2009 é cero cando a entidade se constituíse a partir desa data.

4. Para efectos de determinar o importe neto da cifra de negocios, terase en consideración o establecido no punto 3 do artigo 108 desta lei.

Cando a entidade sexa de nova creación, ou algún dos períodos impositivos a que se refire o punto 1 desta disposición adicional teña unha duración inferior ao ano, ou ben a actividade se desenvolvese durante un prazo tamén inferior, o importe neto da cifra de negocios elevarase ao ano.

5. Cando a entidade se constituíse dentro dos anos 2009, 2010, 2011 ou 2012 e o cadro de persoal medio nos doce meses seguintes ao comezo do primeiro período impositivo sexa superior a cero e inferior á unidade, a escala establecida no punto 1 desta disposición adicional aplicarase no período impositivo de constitución da entidade, coa condición de que nos doce meses posteriores á conclusión dese período impositivo o cadro de persoal medio non sexa inferior á unidade.

Cando se incumpra a dita condición, o suxeito pasivo deberá ingresar xunto coa cota do período impositivo en que teña lugar o incumprimento o importe resultante de lle aplicar o 5 por cento á base imponible do referido primeiro período impositivo, ademais dos xuros de demora.

6. Cando ao suxeito pasivo lle sexa de aplicación a modalidade de pagamento fraccionado establecida no punto 3 do artigo 45 desta lei, a escala a que se refire o punto 1 anterior non será de aplicación na cuantificación dos pagamentos fraccionados.»

Cuarta. Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo.

Engádesse unha disposición adicional terceira no texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional terceira. *Tipo de gravame do imposto nos exercicios 2012 e 2013.*

Desde o 1 de xaneiro de 2012 e ata o 31 de decembro de 2013, ambos inclusive, os tipos de gravame do 19 por cento a que se refiren os artigos 19.2 e 25.1 f) desta lei elévanse ao 21 por 100.

Así mesmo, durante o período a que se refire o parágrafo anterior, o tipo de gravame do 24 por cento previsto no artigo 25.1 a) desta lei elévase ao 24,75 por cento.»

Quinta. Modificación do Real decreto lei 9/2011, do 19 de agosto, de medidas para a mellora da calidade e cohesión do Sistema Nacional de Saúde, de contribución á consolidación fiscal e de elevación do importe máximo dos avais do Estado para 2011.

Modifícase a disposición transitoria cuarta do Real decreto lei 9/2011, do 19 de agosto, de medidas para a mellora da calidade e cohesión do Sistema Nacional de Saúde, de contribución á consolidación fiscal, e de elevación do importe máximo dos avais do Estado para 2011, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria cuarta. *Tipo impositivo aplicable do imposto sobre o valor engadido ás entregas de vivendas.*

Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei e vixencia exclusivamente ata o 31 de decembro de 2012, aplicarase o tipo reducido do 4 por cento do imposto sobre o valor engadido ás entregas de bens a que se refire o ordinal 7.º do punto un.1, do artigo 91 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.»

Sexta. Modificación da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2012, modifícase a alínea a) do punto 6 do artigo 52 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, que queda redactada da seguinte forma:

«a) O tipo da devolución, expresado en euros por 1.000 litros, será o importe positivo resultante de restar a cantidade de 306 euros do tipo impositivo da epígrafe 1.3 vixente no momento de se xerar o dereito á devolución.»

Sétima. Modificación da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo:

1. A disposición transitoria oitava queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria oitava. *Réxime transitorio do réxime sancionador.*

O título VI, Réxime sancionador, desta lei entrará en vigor na data de publicación da resolución do primeiro procedemento para o outorgamento de licenzas a que se refire o artigo 10 desta lei ou o 30 de xuño de 2012, se a citada resolución non se publicou con anterioridade a esa data».

2. A disposición transitoria novena queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria novena. *Réxime transitorio dos patrocinios deportivos sobre o xogo.*

Os patrocinios deportivos de operadores de xogos e contratos de publicidade e promoción do xogo que fosen acordados en firme con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2011 poderán seguir despregando os seus efectos nos termos contractuais pactados, ata a publicación da resolución do primeiro procedemento para o outorgamento de licenzas a que se refire o artigo 10 desta lei ou ata o 30 de xuño de 2012, se a citada resolución non se publicou con anterioridade a esa data.»

Oitava. *Modificación da Lei 9/2009, do 6 de outubro, de ampliación da duración do permiso de paternidade nos casos de nacemento, adopción ou acollida.*

Dáse nova redacción á disposición derradeira segunda da Lei 9/2009, do 6 de outubro, de ampliación da duración do permiso de paternidade nos casos de nacemento, adopción ou acollida, nos seguintes termos:

«Disposición derradeira segunda.

Esta lei entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2013».

Novena. *Renovación da prórroga sobre excepcións á aplicación dos novos criterios de valoración de solo.*

Dáse nova redacción ao punto 2 da disposición transitoria terceira do texto refundido da Lei de solo, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Os terreos que, no momento da entrada en vigor daquela, formen parte do solo urbanizable incluído en ámbitos delimitados para os cales o plan establece as condicións para o seu desenvolvemento, valoraranse conforme as regras establecidas na Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime de solo e valoracións, tal e como quedaron redactadas pola Lei 10/2003, do 20 de maio, coa condición de que no momento a que se deba entender referida a valoración non vencesen os prazos para a execución do plan ou, se venceron, sexa por causa imputable á Administración ou a terceiros.

De non existir previsión expresa sobre prazos de execución no plan nin na lexislación de ordenación territorial e urbanística, aplicarase o de cinco anos contados desde a entrada en vigor da Lei 8/2007, do 28 de maio, de solo».

Décima. *Modificación do período en que a Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado asumirá determinadas obrigacións de aboamento.*

Con carácter transitorio durante o ano 2012, e ata a aprobación da Lei de orzamentos xerais do Estado, a Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado asumirá, con carácter de anticipo á conta, as obrigacións derivadas da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, en relación co Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, polo que se regula a distribución da recadación e premios nas apostas deportivas do Estado.

Décimo primeira. *Modificación da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo:

1. A disposición transitoria oitava queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria oitava. *Réxime transitorio do réxime sancionador.*

O título VI, Réxime sancionador, desta lei entrará en vigor na data de publicación da resolución do primeiro procedemento para o outorgamento de licenzas a que se refire o artigo 10 desta lei ou o 30 de xuño de 2012, se a citada resolución non se publicou con anterioridade a esa data.»

2. A disposición transitoria novena queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria novena. *Réxime transitorio dos patrocinios deportivos sobre o xogo.*

Os patrocinios deportivos de operadores de xogos e contratos de publicidade e promoción do xogo que fosen acordados en firme con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2011, poderán seguir despregando os seus efectos nos termos contractuais pactados, ata a publicación da resolución do primeiro procedemento para o outorgamento de licenzas a que se refire o artigo 10 desta lei ou ata o 30 de xuño de 2012, se a citada resolución non se publicou con anterioridade a esa data.»

Décimo segunda. *Modificación da Lei 11/1995, do 11 de maio, reguladora da utilización e control dos créditos destinados a gastos reservados.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2012 e vixencia indefinida, modifícase o punto 1 do artigo 4 da Lei 11/1995, do 11 de maio, reguladora da utilización e control dos créditos destinados a gastos reservados, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Só se poderán consignar créditos destinados a gastos reservados nos ministerios de Asuntos Exteriores e Cooperación, Defensa, Interior e no Centro Nacional de Intelixencia dependente do Ministerio da Presidencia.

Corresponderá exclusivamente aos titulares destes departamentos, de acordo coas súas específicas características, determinar a finalidade e o destino destes fondos e as autoridades competentes para ordenar a súa realización.»

Décimo terceira. *Modificación do anexo XIV da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.*

Modifícase o anexo XIV da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, nos seguintes termos:

Engádesse unha nova entidade pública empresarial no anexo XIV, Entidades públicas empresariais e outros organismos públicos:

«Instituto Español de Crédito Exterior (ICEX).»

Décimo cuarta. *Modificación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de dependencia.*

Dáse nova redacción ao primeiro punto da disposición derradeira primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de dependencia, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A efectividade do dereito ás prestacións de dependencia incluídas nesta lei exercerase progresivamente, de modo gradual, e realizarase de acordo co seguinte calendario a partir do 1 de xaneiro de 2007:

O primeiro ano, a aqueles que sexan valorados no grao III de gran dependencia, niveis 1 e 2.

No segundo e terceiro ano, a aqueles que sexan valorados no grao II de dependencia severa, nivel 2.

No terceiro e cuarto ano, a aqueles que sexan valorados no grao II de dependencia severa, nivel 1.

O quinto ano, que finaliza o 31 de decembro de 2011, a aqueles que sexan valorados no grao I de dependencia moderada, nivel 2.

A partir do 1 de xaneiro de 2013, ao resto daqueles que sexan valorados no grao I de dependencia moderada, nivel 2.

A partir do 1 de xaneiro de 2014, a aqueles que sexan valorados no grao I de dependencia moderada, nivel 1.»

Décimo quinta. *Modificación da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigacións de información dos intermediarios financeiros.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2012 e vixencia indefinida, dáse nova redacción ao último parágrafo da alínea d) do artigo 8.3 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigacións de información dos intermediarios financeiros, que queda redactado nos seguintes termos:

«Cando as entidades integradas conforme o previsto nesta alínea sexan caixas de aforro, a entidade central terá a natureza de sociedade anónima e deberá estar controlada conxuntamente por todas elas, nos termos do artigo 42 do Código de comercio.»

Décimo sexta. *Modificación do Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforro.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2012 e vixencia indefinida, modifícase o punto 3 do artigo 5 do Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforro, que pasa a ter o seguinte contido:

«3. Se unha caixa de aforros deixase de ter o control, nos termos do artigo 42 do Código de comercio, da entidade de crédito a que se refire esta disposición, deberá renunciar á autorización para actuar como entidade de crédito segundo o previsto na Lei de ordenación bancaria de 1946 e proceder á súa transformación en fundación especial conforme o previsto no artigo seguinte.»

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2012 e vixencia durante o exercicio, o artigo 49 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, relativo ao importe dos avais do Estado, queda redactado nos seguintes termos:

Décimo sétima. *Modificación do artigo 49 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011. Importe dos avais do Estado.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2012 e vixencia indefinida, o artigo 49 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, queda redactado nos seguintes termos:

«Un. O importe máximo dos avais que outorgará o Estado durante o exercicio do ano 2012 non poderá exceder os 196.043.560 miles de euros.

Dous. Dentro do total sinalado no punto anterior, resérvanse os seguintes importes:

a) 92.543.560 miles de euros para garantir as obrigacións económicas exixibles á sociedade denominada «Facilidade Europea de Estabilización

Financeira», derivadas das emisións de instrumentos financeiros, da concertación de operacións de préstamo e crédito, así como de calquera outra operación de financiamento que realice a dita sociedade de acordo co establecido no Real decreto lei 9/2010, do 28 de maio, polo que se autoriza a Administración xeral do Estado para o outorgamento de avais a determinadas operacións de financiamento no marco do Mecanismo Europeo de Estabilización Financeira dos Estados membros da zona do euro.

b) 100.000.000 miles de euros para o outorgamento de avais ás obrigacións económicas derivadas das emisións de bonos e obrigacións novas que realicen as entidades de crédito residentes en España cunha actividade significativa no mercado de crédito nacional.

O aval garantirá o principal da emisión e os xuros ordinarios. De se producir a execución do aval, sempre que esta se inste dentro dos 5 días naturais seguintes ao da data de vencemento da obrigación garantida, o Estado satisfará unha compensación aos titulares lexítimos dos valores garantidos, sen prexuízo das cantidades que deba aboar en virtude do aval. O importe desta compensación será o resultante de lle aplicar ao pagamento en que consista a execución do aval o tipo de xuro Euro OverNight Index Average publicado polo Banco de España ou o que, de ser o caso, determine o ministro de Economía e Facenda, do día do vencemento da obrigación garantida polo número de días que transcorran entre esta data e a de pagamento efectivo polo avalista, sobre a base dun ano de 360 días.

O ministro de Economía e Facenda determinará os requisitos que deberán concorrer para a súa concesión, entre os cales se poderán incluír aquelas condicións especiais de solvencia que propoña o Banco de España, así como o procedemento de outorgamento dos avais e as comisións a que dean lugar o outorgamento e a utilización dos avais outorgados.

c) 3.000.000 miles de euros para os avais destinados a garantir valores de renda fixa emitidos por fondos de titulación de activos.

Tres. Dentro do importe de 500.000 miles de euros non reservados no punto anterior, establécese un límite máximo de 40.000 miles de euros para garantir as obrigacións derivadas de operacións de crédito concertadas por empresas navieiras domiciliadas en España destinadas á renovación e modernización da frota mercante española mediante a adquisición por compra, por arrendamento con opción a compra ou por arrendamento financeiro con opción a compra, de buques mercantes novos, en construción ou usados cuxa antigüidade máxima sexa de cinco anos.

As solicitudes de aval que se presenten transcorridos seis meses desde a data de formalización da adquisición do buque non poderán ser tidas en conta.

A efectividade do aval que sexa outorgado con anterioridade á formalización da adquisición do buque quedará condicionada a que a dita formalización se produza dentro dos seis meses seguintes á data de notificación do outorgamento do aval.

O importe avalado non poderá superar o 35% do prezo total do buque financiado.

As condicións dos préstamos asegurables baixo este sistema serán, como máximo, as establecidas no Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, sobre primas e financiamento á construción naval, ou disposicións posteriores que o modifiquen.

En todo caso, a autorización de avais basearase nunha avaliación da viabilidade económico-financeira da operación e do risco.

As solicitudes, outorgamento e condicións destes avais rexeranse conforme o establecido nesta lei e na Orde PRE/2986/2008, do 14 de outubro, pola que se publica o Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos polo que se establece o procedemento para a concesión de avais do Estado para o financiamento de operacións de crédito destinadas á renovación e modernización da frota mercante española, ou nas disposicións posteriores que a modifiquen.

Catro. Autorízase a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira para que, na execución dos avais do Estado a que se refiren o punto dous.b) deste mesmo artigo e o artigo 1 do Real decreto lei 7/2008, do 13 de outubro, de medidas urxentes en materia económico-financeira en relación co Plan de Acción Concertada dos Países da Zona Euro, poida efectuar os pagamentos correspondentes ás obrigacións garantidas mediante operacións de tesouraría con cargo ao concepto específico establecido para tal fin.

Con posterioridade á súa realización, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira procederá á aplicación definitiva ao orzamento de gastos dos pagamentos realizados no exercicio, salvo os efectuados no mes de decembro de cada ano, que se aplicarán ao orzamento no primeiro trimestre do seguinte ano.»

Décimo oitava. *Modificación da Lei 39/1970, do 22 de decembro, sobre reestruturación dos corpos penitenciarios.*

Con efectos desde o un de xaneiro de 2012 e vixencia indefinida, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 39/1970, do 22 de decembro, sobre reestruturación dos corpos penitenciarios.

Un. O artigo segundo queda redactado como segue:

«1. O persoal funcionario do corpo superior de técnicos de institucións penitenciarias realizará as funcións de dirección e inspección das institucións, centros e servizos, así como as propias da súa especialidade en materia de observación, clasificación e tratamento da poboación reclusa e aquelas outras que no ámbito da execución penal se determinen.

2. As especialidades exixidas para o ingreso neste corpo encadraranse nas seguintes áreas: xurídica, de ciencias da conduta e xerenciais.

3. Para o acceso a este corpo requirirase estar en posesión do título universitario de grao de carácter oficial nas especialidades que regulamentariamente se determinen.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación ou validación, de ser o caso.

4. Este corpo estará incluído no grupo A, subgrupo A1, do artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.»

Dous. O punto dous do artigo cuarto queda redactado como segue:

«2. O corpo de axudantes técnicos sanitarios de institucións penitenciarias pasa a denominarse corpo de enfermeiros de institucións penitenciarias.»

Tres. Engádesse un novo artigo nove, redactado como segue:

«Artigo nove.

Como requisito específico para o acceso a todos os corpos penitenciarios exixirase non ter sido condenado por delito doloso a penas privativas de liberdade maiores de tres anos, a menos que se obtivese a cancelación de antecedentes penais ou a rehabilitación.»

Décimo novena. *Título competencial.*

As disposicións de contido tributario recollidas neste real decreto lei dítanse ao abeiro do establecido no artigo 149.1.1.^a, 3.^a, 8.^a, 14.^a e 18.^a da Constitución.

Vixésima. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante as disposicións derradeiras primeira e sexta incorpóranse ao dereito español a Directiva 2010/24/UE do Consello, do 16 de marzo de 2010, sobre a asistencia mutua en materia de cobramento dos créditos correspondentes a determinados impostos, dereitos e outras medidas, e a Directiva 2003/96/CE do Consello, do 27 de outubro de 2003, pola que se reestrutura o réxime comunitario de imposición dos produtos enerxéticos e da electricidade, respectivamente.

Vixésimo primeira. *Xestión de créditos orzamentarios en materia de clases pasivas.*

Prorrógase durante o ano 2012 a facultade conferida na disposición derradeira terceira da Lei 39/1992, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1993.

Vixésimo segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento deste real decreto lei.

Vixésimo terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2012.

Dado en Madrid o 30 de decembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO I

A. Contías de pensións e prestacións públicas aplicables en 2012

I. Haberes reguladores para a determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado

1. Haberes reguladores para a determinación inicial das pensións sinaladas ao abeiro do título I do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.

a) Haberes reguladores para o persoal ingresado nalgún corpo, escala, praza, emprego ou categoría administrativa con posterioridade ao 1 de xaneiro de 1985:

Grupo / Subgrupo Lei 7/2007	Haber regulador – Euros/ano
A ₁	39.661,46
A ₂	31.214,57
B	27.333,42
C ₁	23.973,33
C ₂	18.966,88
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais	16.170,77

b) Haberes reguladores para o persoal ingresado nalgún corpo, escala, praza, emprego ou categoría administrativa con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1985:

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

Índice	Haber regulador – Euros/ano
10	39.661,46
8	31.214,57
6	23.973,33
4	18.966,88
3	16.170,77

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Multiplicador	Haber regulador – Euros/ano
4,75	39.661,46
4,50	39.661,46
4,00	39.661,46
3,50	39.661,46
3,25	39.661,46
3,00	39.661,46
2,50	39.661,46
2,25	31.214,57
2,00	27.333,43
1,50	18.966,88
1,25	16.170,77

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Corpo	Haber regulador – Euros/ano
Secretario xeral	39.661,46
De letrados	39.661,46
Xerente	39.661,46

CORTES XERAIS

Corpo	Haber regulador – Euros/ano
De letrados	39.661,46
De arquiveiros-bibliotecarios	39.661,46
De asesores facultativos	39.661,46
De redactores, taquígrafos e estenotipistas	39.661,46
Técnico-administrativo	39.661,46
Administrativo	23.973,33
De uxieres	18.966,88

1. Haberes reguladores para a determinación inicial das pensións sinaladas ao abeiro do título II do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.

Haberes reguladores

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

Índice	Grao	Grao especial	Importe por concepto de soldo e grao en cómputo anual – Euros
10 (5,5)	8		26.588,07
10 (5,5)	7		25.857,33
10 (5,5)	6		25.126,64
10 (5,5)	3		22.934,46
10	5		22.561,34
10	4		21.830,65
10	3		21.099,95
10	2		20.369,18
10	1		19.638,46
8	6		18.972,33
8	5		18.387,87
8	4		17.803,39
8	3		17.218,89
8	2		16.634,44
8	1		16.049,93
6	5		14.453,44
6	4		14.015,21
6	3		13.577,05
6	2		13.138,78

Índice	Grao	Grao especial	Importe por concepto de soldo e grao en cómputo anual – Euros
6	1	(12 por 100)	14.172,06
6	1		12.700,54
4	3		10.694,84
4	2	(24 por 100)	12.761,59
4	2		10.402,62
4	1	(12 por 100)	11.290,94
4	1		10.110,38
3	3		9.234,27
3	2		9.015,12
3	1		8.796,01

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Multiplicador	Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros
4,75	43.419,06
4,50	41.133,84
4,00	36.563,40
3,50	31.992,97
3,25	29.707,77
3,00	27.422,54
2,50	22.852,12
2,25	20.566,91
2,00	18.281,71
1,50	13.711,28
1,25	11.426,07

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Corpo	Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros
Secretario xeral	41.133,84
De letrados	36.563,40
Xerente	36.563,40

CORTES XERAIS

Corpo	Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros
De letrados	23.928,50
De arquiveiros-bibliotecarios	23.928,50
De asesores facultativos	23.928,50
De redactores, taquígrafos e estenotipistas	21.973,87
Técnico-administrativo	21.973,87
Administrativo	13.233,45
De uxieres	10.467,80

Trienios

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

Índice	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
10	858,92
8	687,15
6	515,33
4	343,59
3	257,68

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Multiplicadores para efectos de trienios	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
3,50	1.599,63
3,25	1.485,40
3,00	1.371,13
2,50	1.142,58
2,25	1.029,75
2,00	914,10
1,50	685,56
1,25	571,32

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
Secretario xeral	1.599,63
De letrados	1.599,63

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
Xerente	1.599,63

CORTES XERAIS

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
De letrados	978,39
De arquiveiros bibliotecarios	978,39
De asesores facultativos	978,39
De redactores, taquígrafos e estenotipistas	978,39
Técnico-administrativo	978,39
Administrativo	587,05
De uxieres	391,34

II. Haberes reguladores para a determinación inicial das pensións especiais de guerra

Haber regulador	Importe referido a 12 mensualidades
Pensión de mutilación recoñecida ao abeiro da Lei 35/1980	4.900,92 euros
Suma de remuneracións básica, substitutoria de trienios e suplementaria en compensación de retribucións non percibidas da Lei 35/1980	13.217,67 euros
Retribución básica recoñecida ao abeiro da Lei 6/1982	9.252,37 euros
Pensións recoñecidas ao abeiro do Decreto 670/1976	5.871,92 euros

A contía das pensións de orfandade en favor de orfos non incapacitados maiores de 21 anos, causadas por persoal non funcionario ao abeiro das leis 5/1979, do 18 de setembro, e 35/1980, do 26 de xuño, será de 150,15 euros mensuais.

III. Complementos para mínimos

1. Contías mínimas das pensións do réxime de clases pasivas para o ano 2012:

Clase de pensión	Importe		
	Con cónxuxe a cargo Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo Euros/ano
Pensión de xubilación ou retiro	10.690,40	8.664,60	8.218,00
Pensión de viuvez	8.664,60		
Pensión familiar distinta da de viuvez, sendo N o número de beneficiarios da pensión ou pensións		<u>8.443,40</u> N	

Límite de ingresos para o recoñecemento de complementos económicos para mínimos:

En 2012: 6.993,14 euros/ano.

En 2011: 6.923,90 euros/ano.

2. Contías mínimas das pensións da modalidade contributiva do sistema da Seguridade Social para o ano 2012:

Clase de pensión	Titulares		
	Con cónxuxe a cargo Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo Euros/ano
Xubilación:			
Titular con sesenta e cinco anos	10.690,40	8.664,60	8.218,00
Titular menor de sesenta e cinco anos.	10.018,40	8.104,60	7.658,00
Titular con 65 anos procedente de grande invalidez	16.035,60	12.997,60	7.658,00
Incapacidade permanente:			
Grande invalidez.	16.035,60	12.997,60	13.327,00
Absoluta	10.690,40	8.664,60	8.218,00
Total: titular con sesenta e cinco anos	10.690,40	8.664,60	8.218,00
Total: titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos	10.018,40	8.104,60	7.658,00
Total: derivada de enfermidade común menor de sesenta anos	5.388,60	5.388,60	55 % base mínima cotización réxime xeral
Parcial do réxime de accidentes de traballo: titular con sesenta e cinco anos	10.690,40	8.664,60	8.218,00
Viuvez			
Titular con cargas familiares.		10.018,40	
Titular con sesenta e cinco anos ou con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100		8.664,60	
Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos.		8.104,60	
Titular con menos de sesenta anos		6.559,00	

Clase de pensión	Euros/ano
Orfandade:	
Por beneficiario.	2.646,00
Na orfandade absoluta o mínimo incrementarase en 6.559,00 euros/ano distribuídos, de ser o caso, entre os beneficiarios	
Por beneficiario discapacitado menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100	5.206,60
En favor de familiares	
Por beneficiario.	2.646,00
Se non existe viúvo nin orfo pensionistas:	
– Un só beneficiario con sesenta e cinco anos.	6.396,60
– Un só beneficiario menor de sesenta e cinco anos	6.024,20
Varios beneficiarios: o mínimo asignado a cada un deles incrementarase no importe que resulte de ratear 3.913,00 euros/ano entre o número de beneficiarios.	

Límite de ingresos para o recoñecemento de complementos económicos para mínimos:

– En 2012:

- Sen cónxuxe a cargo: 6.993,14 euros/ano.
- Con cónxuxe a cargo: 8.157,57 euros/ano.

– En 2011: 6.923,90 euros/ano.

IV. Contías doutras pensións e prestacións públicas

1. Límite máximo de percepción de pensión pública: 2.522,89 euros/mes ou 35.320,46 euros/ano.

2. Pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez (SOVI):

– Pensións do SOVI non concorrentes: 5.539,80 euros/ano.

– Pensións do SOVI concorrentes con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social ou con algunha destas pensións e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez: 5.383,00 euros/ano.

3. Pensións da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva: 5.007,80 euros/ano.

– Complemento de pensión para o alugamento de vivenda: 525 euros anuais.

4. Prestacións familiares da Seguridade Social:

– Prestación por fillo menor de 18 anos non minúsválido: 291 euros/ano.

– Prestación por fillo menor de 18 anos con discapacidade superior ao 33 por 100: 1.000 euros/ano.

– Prestacións por fillo a cargo maior de 18 anos discapacitado:

• Cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por 100: 4.292,40 euros/ano.

• Cun grao de discapacidade igual ou superior ao 75 por 100 e necesitado do concurso doutra persoa para a realización dos actos esenciais da vida: 6.439,20 euros/ano.

– Prestación por nacemento ou adopción de fillo establecida no artigo 186.1 do TRLXSS: 1.000 euros.

– Límite de ingresos para o recoñecemento das prestacións familiares da Seguridade Social por fillo a cargo:

• Contía a que se refire o parágrafo primeiro do artigo 182.1.c) do TRLXSS (fillo menor de 18 anos non discapacitado): 11.376,66 euros/ano.

• Contía a que se refire o parágrafo segundo do artigo 182.1.c) do TRLXSS (familia numerosa): 17.122,59 euros/ano, que se incrementará en cada 2.773,39 euros por cada fillo a cargo a partir do cuarto, este incluído.

5. Subsidios económicos da Lei 13/1982 (LISMI):

– Subsidio de garantía de ingresos mínimos: 149,86 euros/mes.

– Subsidio por axuda de terceira persoa: 58,45 euros/mes.

– Subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte: 61,40 euros/mes.

6. Pensións asistenciais da Lei do 21 de xullo de 1960 e Real decreto 2620/1981: 149,86 euros/mes.

7. Contía das axudas sociais recoñecidas aos afectados polo VIH ao abeiro do Real decreto lei 9/1993: 601,12 euros/mes.

8. Contía da prestación económica establecida pola Lei 3/2005: 7.059,10 euros/ano.

A. CONTÍAS ACTUALIZADAS DE DETERMINADAS PENSIÓNS E PRESTACIÓNS PARA O ANO 2011

1. Contías mínimas das pensións do réxime de clases pasivas para o ano 2011:

Clase de pensión	Importe		
	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
Pensión de xubilación ou retiro	10.584,00	8.577,80	8.135,40
Pensión de viuvez	8.577,80		
Pensión familiar distinta da de viuvez, sendo N o número de beneficiarios da pensión ou pensións. .	<u>8.359,40</u> N		

2. Contías mínimas das pensións da modalidade contributiva do sistema da Seguridade Social para o ano 2011:

Clase de pensión	Titulares		
	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
Xubilación:			
Titular con sesenta e cinco anos	10.584,00	8.577,80	8.135,40
Titular menor de sesenta e cinco anos.	9.919,00	8.023,40	7.581,00
Titular con sesenta e cinco anos procedente de grande invalidez.	15.876,00	12.867,40	12.203,80
Incapacidade permanente:			
Grande invalidez.	15.876,00	12.867,40	12.203,80
Absoluta	10.584,00	8.577,80	8.135,40
Total: titular con sesenta e cinco anos	10.584,00	8.577,80	8.135,40
Total: titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos.	9.919,00	8.023,40	7.581,00
Total: derivada de enfermidade común menor de sesenta anos.	5.334,00	5.334,00	4.938,08
Parcial do réxime de accidentes de traballo: titular con sesenta e cinco anos	10.584,00	8.577,80	8.135,40
Viuvez:			
Titular con cargas familiares.		9.919,00	
Titular con sesenta e cinco anos ou con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100		8.577,80	
Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos		8.023,40	
Titular con menos de sesenta anos		6.493,20	

Clase de pensión	Euros/ano
Orfandade:	
Por beneficiario.	2.619,40
Por beneficiario discapacitado menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100	5.154,80
Na orfandade absoluta o mínimo incrementarase en 6.493,20 euros/ano distribuídos, de ser o caso, entre os beneficiarios	
En favor de familiares:	
Por beneficiario.	2.619,40
Se non existe viúvo nin orfo pensionistas:	
– Un só beneficiario con sesenta e cinco anos	6.332,20
– Un só beneficiario menor de sesenta e cinco anos	5.964,00
Varios beneficiarios: o mínimo asignado a cada un deles incrementarase no importe que resulte de ratear 3.873,80 euros/ano entre o número de beneficiarios.	

3. Pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez non concorrentes: 5.483,80 euros/ano.

4. Pensións da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva: 4.957,40 euros/ano.

5. Prestacións por fillo a cargo maior de 18 anos discapacitado:

Cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por 100: 4.249,20 euros/ano.

Cun grao de discapacidade igual ou superior ao 75 por 100 e necesitado do concurso doutra persoa para a realización dos actos esenciais da vida: 6.374,40 euros/ano.

6. Subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte: 728,40 euros/ano.